

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

24 de abril de 2026

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e oito minutos do día vinte e catro de abril de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. Paula Bouzós Barros (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D. Juan Pablo Castillo Amigo (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto a Vicesecretaria D^a. María Beatriz Del Cerro del Río e está presente a Viceinterventora D^a. Susana Escaloni Varela.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8638.- **ACTA ANTERIOR**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/XRRj0OyaFzPcCg5LRWUHjF6ernthkOQYRpPBJK2uUyPTxv5m>

Acórdase por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e cos votos en contra do PSdeG-PSOE, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 27 de marzo de 2026.

a) Parte resolutiva:

2.8639.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 3/2026 (EXPTES. 2026030373-2026029595)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/ixQkp808rAdpk1SGFyAIYr53EI0Garj1sWH9CRg6obdGNfBm>

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025008021, de data 3 de outubro de 2025, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 03/2026. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 03/26) por importe de 8.102.440,00 euros, outro de suplementos de créditos (SUP.03/26) por importe de 359.826,39 euros e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivada pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, salvo o crédito



extraordinario con destino a subvencionar a “Saída e chegada da etapa 1ª "La Vuelta Femenina 2026” que se recolle na aplicación 26/433-4320-479.01, financiándose con “baixas por anulación” da aplicación 26/433-4320-226,20 cuxos créditos son reducibles sen perturbar a prestación das actividades previstas.

Resultando que esta Intervención emite informe de data 14 de abril de 2026, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 03/2026.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 03/2026 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 03/26) por importe de 8.102.440,00 euros e outro de suplementos de créditos (SUP. 03/26) por importe de 359.826,39 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1.- Créditos Extraordinarios “EXT. 03/26”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-2312-629.03	OUTRO INMOVILIZADO MATERIAL, ADQUISICIÓN_ C. PRÍNCIPE FELIPE (Deseño, execución, traslado, colocación e adquisición dunha escultura conmemorativa do 50 Aniversario do CPF)	20.000,00 €



340-3420-204.00	ARRENDAMIENTO DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE _DEPORTES (Vehículo para o persoal que traballa no Pavillón e demais equipamentos)	7.440,00 €
433-4320-479.01	OUTRAS SUBVENCÍONS, A EMPRESAS PRIVADAS _TURISMO (Saída e chegada da etapa 1ª "La Vuelta Femenina 2026")	75.000,00 €
942-9420-762.77	A CONCELLOS, I PLAN EXTRAORDINARIO VÍA DEPO _COOPERACIÓN (Melloras na rede viaria local)	8.000.000,00 €
Total Créditos Extraordinarios...		8.102.440,00 €

Financiamento do expediente Créditos Extraordinarios “EXT. 03/26”:

1. Por importe de 75.000,00€ con destino a subvencionar a “Saída e chegada da etapa 1ª La Vuelta Femenina 2026”, con baixas de créditos na aplicación 26/433-4320-226,20, cuxos créditos son reducibles sen perturbar a prestación das actividades previstas.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
433-4320-226.20	GASTOS DE PROMOCIÓN, TURISMO	-75.000,00 €
Total Baixas por Anulacións...		-75.000,00 €

2. O resto dos Extraordinarios fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870.01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...	8.027.440,00 €

2.- Suplementos de Créditos “SUP. 03/26”:



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-2312-632.03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS_C. PRÍNCIPE FELIPE (Gasto correspondente á xestión do ICIO da obra: “Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF”)	14.672,83 €
232-2312-632.03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS_C. PRÍNCIPE FELIPE (Mellora da cobertura móbil do auditorio do CPF)	18.000,00 €
333-3340-226.02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA, PROMOCIÓN CULTURAL_MUSEO (Exposición temporal da obra “A Derradeira lección do mestre” do autor Alfonso D. Rodríguez Castelao)	30.000,00 €
333-3341-227.99	TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS, BIENAL ARTE_MUSEO (Proxecto: 26_0003 BIENAL DE ARTES VIVAS 2026).	45.000,00 €
942-4331-622.00	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, CENTRO DE SERVIZOS E APOIO EMPRESARIAL_COOPERACIÓN (Instalación de climatización no Centro de S. e Apoio Empresarial no Polígono de Barro)	252.153,56 €
	Total Suplementos de Créditos...	359.826,39 €

O expediente finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870.02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Créditos...	359.826,39 €
	TOTAL...	359.826,39 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	359.826,39 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	8.102.440,00 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-75.000,00 €
SUMA...	8.387.266,39 €



O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directo.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	8.387.266,39 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	8.387.266,39 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...	8.387.266,39 €
ORZAMENTO DE GASTOS.	
Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	7.440,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	75.000,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	304.826,39 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	8.000.000,00 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	8.387.266,39 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...	8.387.266,39 €

3.- Modificación do Anexo II das bases de execución, modificando e engadindo como subvencións nominativas, as seguintes:

433 - TURISMO RÍAS BAIXAS

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
433-4320-479.01	OUTRAS SUBVENCIÓNS, A EMPRESAS PRIVADAS _TURISMO	75.000,00 €	
A28406775	UNIPUBLIC SL	75.000,00 €	Financiamento da participación da provincia de Pontevedra como entidade



		colaboradora na saída e chegada da 1ª etapa De La Vuelta a España Femenina by Carrefour.es 2026, co obxecto de promover a imaxe turística do destino Rías Baixas a través dun evento deportivo de proxección nacional e internacional, contribuíndo á súa difusión mediática, posicionamento estratéxico e dinamización turística do territorio.
--	--	--

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 03/2026 que inclúe créditos extraordinarios (EXT. 03/26) por importe de 8.102.440,00 euros, suplementos de créditos (SUP.03/26) por importe de 359.826,39 euros e as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 03/2026, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularan reclamacións contra o mesmo.



3.8640.- **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN EXTRAORDINARIO VÍA DEPO (EXPTES. 2026030291-2026032899)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/NPlgS913761e8u5qFfO54dnRR82TD52OYPPTGgXKgLBRWdW9>

Primeiro. De conformidade co artigo 22 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, os concellos teñen a obriga de manter a rede viaria de titularidade municipal en condicións óptimas que garantan a seguridade, a funcionalidade e a conexión de todos os seus puntos.

Á degradación ordinaria dos firmes, motivada polo incremento do tráfico rodado, a presenza de vehículos de maior tonelaxe e a presión humana durante a época estival, especialmente nas zonas de acceso directo a praias fluviais e marítimas, súmase o deterioro causado polas intensas inclemencias meteorolóxicas que afectaron ao conxunto do territorio provincial.

As precipitacións extraordinarias, as xeadas e os episodios de vento forte ocasionaron graves danos en numerosas vías de titularidade municipal, agravando o estado de firmes e pavimentos xa sometidos a un desgaste continuado.

Esta situación obriga á Deputación a poñer en funcionamento un plan de axudas aos concellos que lles permita facer fronte á reparación destes danos no menor prazo posible, así como adoptar medidas orientadas a incrementar a vida útil das infraestruturas viarias e mellorar a súa seguridade e funcionalidade.

Segundo. De acordo co exposto anteriormente, dáse conta das Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do Plan Extraordinario Vía Depo, que xorde da competencia que lle corresponde á Deputación en materia de cooperación económica e asistencia á prestación integral de servizos de competencia municipal, conforme o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e aos artigos 109 e seguintes da Lei



5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto desta convocatoria é asistir aos concellos na mellora da súa rede viaria básica, especialmente naqueles puntos que presentan un maior deterioro.

Terceiro. O financiamento desta convocatoria establécese en oito millóns de euros (8.000.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 26/942.9420.762.77, para o que se está a tramitar o expediente de modificación de crédito 03/2026.

De acordo co principio de legalidade orzamentaria, a eficacia da presente convocatoria queda condicionada á aprobación definitiva do devandito expediente.

Á vista dos antecedentes e consideracións expostas; de conformidade coa documentación que obra no expediente, así como cos informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 14 de abril de 2026 (CSV: VKD1OW5J6S7Y8BXG), da Secretaría Provincial, de data 14 de abril de 2026 (CSV: 6Y04OP3HM16V5OCS) e da Intervención provincial, de data 14 de abril de 2026 (CSV: KBY10XZBVTYW484I), e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, de data 17 de abril de 2026 (CSV: HSDXR59SOF4JL2BO); de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 70 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno acorda por unanimidade:

1º. Aprobar as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Extraordinario Vía Depo, condicionadas á aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito 03/2026.

O texto das Bases reguladoras figura no expediente 2026030291 co CSV: FAL2FODY3MQN29XO e reproducése literalmente en folla anexa.



2º. Ordenar a publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN EXTRAORDINARIO VÍA DEPO

INTRODUCCIÓN

Os concellos contan cunha extensa rede de vías de titularidade municipal que constitúe a capilaridade básica do territorio, co que se garante a conectividade de cada un dos seus puntos. Esta infraestrutura non só articula a comunicación entre os distintos núcleos de poboación, senón que serve de soporte fundamental para o desenvolvemento económico local, permitindo o acceso aos recursos naturais, explotacións e puntos de interese turístico, tanto no interior coma nas zonas de costa.

Co paso do tempo, o incremento do volume de tráfico rodado, a aparición de vehículos de maior tonelaxe e a exposición constante a unha climatoloxía adversa derivaron nun desgaste natural e progresivo dos pavimentos e dos firmes. Esta degradación non só lle afecta á conducción, senón que compromete directamente a seguridade viaria e incrementa os custos de mantemento futuro se non se actúa a tempo.

A esta deterioración estrutural acumulada sumáronse, no pasado inverno, os danos causados polas intensas inclemencias meteorolóxicas que lle afectaron ao conxunto do territorio provincial. As precipitacións extraordinarias, as xeadas e os episodios de vento forte ocasionaron graves estragos en numerosas vías de titularidade municipal e empeoraron o estado de firmes e pavimentos xa sometidos a un desgaste continuado. Ante esta situación, a Deputación considera prioritario poñer en marcha un mecanismo de axuda directa aos concellos que lles permita facer fronte á reparación destes danos de forma áxil e eficaz, para garantir a seguridade e a funcionalidade da rede viaria municipal no menor prazo posible.

Pola súa banda, os espazos naturais representan un dos activos máis valiosos do noso patrimonio municipal. Non obstante, a súa preservación e gozo por parte da cidadanía presentan retos específicos: a forte presión humana durante a tempada estival e a erosión propia das contornas de especial protección nas que se localizan. Por esta razón, detectouse a necesidade de unificar criterios de mantemento nos



accesos a estes espazos, procurando un equilibrio entre a funcionalidade da vía e o respecto polo medio co obxectivo de garantir a accesibilidade universal.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas funcións de asistencia e cooperación cos municipios, asume un papel estratéxico como responsable da cohesión social e territorial. Como entidade encargada de asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, o ente provincial actúa neste marco coa achega dos fondos públicos necesarios que lles permitan aos concellos mellorar e acondicionar a súa rede viaria.

Esta colaboración financeira non só fortalece a autonomía local, senón que resulta imprescindible para que as administracións de proximidade lles poidan dar unha resposta eficaz ás demandas da cidadanía. Grazas a esta achega, os concellos poderán acometer toda unha serie de actuacións para asegurar a equidade no acceso aos servizos e infraestruturas e garantir que a rede viaria sexa un motor de desenvolvemento e non unha barreira para o progreso da contorna rural e urbana.

Este plan deséñase en estrito cumprimento das competencias municipais atribuídas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e en consonancia coa Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, na que se establece a obriga das administracións titulares de manter as vías en perfecto estado de aproveitamento e seguridade, garantindo o servizo público en condicións óptimas para toda a veciñanza.

BASES

Primeira. Obxecto

As presentes bases e a súa convocatoria teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se outorguen con cargo ao Plan Extraordinario Vía Depo.

As actuacións incluídas no ámbito de aplicación deste plan terán, en todo caso, a consideración de investimentos. Para tal fin, as intervencións deberán supoñer unha mellora, unha prolongación da vida útil ou un incremento do valor patrimonial da infraestrutura viaria.

As finalidades obxecto de axuda serán as que se detallan a continuación:

- Mellora do trazado ou reforzo estrutural do firme.



- Estabilización e consolidación de muros de contención que afecten a vías municipais e que sexan necesarios para garantir a seguridade da rede.
- Conservación e rehabilitación do firme: operacións de fresado, reparación de pavimentos deteriorados, tapado de fochas, selaxe de gretas ou fisuras, estendido de novas capas de rodaxe.
- Sistemas de drenaxe (cunetas, sumidoiros, canais laterais, etc.).
- Reparación de sendeiros peonís que **dean acceso directo** a praias fluviais e/ou marítimas.

Non serán subvencionables as actuacións sobre rutas costeiras, fluviais, sendas naturais, etc. que non garantan un acceso directo a praias fluviais ou marítimas nin as intervencións en elementos funcionais complementarios da vía, tales como zonas de estacionamento, aparcadoiros, áreas de servizo, iluminación ou marquesiñas.

Así mesmo, exclúense as actuacións que incidan nas redes de saneamento ou abastecemento, mobiliario ou outros servizos vinculados ás vías, por tratarse de servizos municipais alleos á propia rede viaria. Malia isto, estas actuacións ou outros servizos municipais poderán integrarse nos proxectos técnicos, aínda que o seu custo deberá ser asumido polo concello.

Do mesmo xeito, non terá a consideración de gasto elixible a adquisición de terreos, independentemente do título xurídico de obtención.

Finalmente, tampouco terán a consideración de gastos subvencionables os custos derivados da redacción de proxectos, memorias ou estudos previos nin os honorarios de dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde ou controis de calidade.

Cada concello poderá presentar unha única solicitude de subvención que poderá comprender:

- Un único proxecto, cando a intervención se restrinja a unha das tipoloxías de actuación previstas nestas bases.
- Ata un máximo de **dous proxectos diferenciados**, cando se correspondan coas dúas tipoloxías de actuacións previstas (vías municipais e sendeiros peonís que dean acceso directo a praias fluviais ou marítimas).

Será requisito *sine qua non* que as actuacións se desenvolvan en vías de titularidade municipal. Así, o concello deberá acreditar o título habilitante mediante calquera dos seguintes medios:



- Certificación de inclusión no inventario de bens municipais ou no catálogo de estradas municipais.
- Nota simple do Rexistro da Propiedade.
- Documento de cesión, transferencia demanial da vía por parte doutra administración pública.
- Certificación de inclusión da vía no solo urbano consolidado ou no planeamento xeral.

En ausencia de inscrición rexistral ou inventario actualizado, a titularidade pública municipal acreditarase mediante a concorrencia da seguinte documentación:

- Certificación da Secretaría municipal conforme a rúa, o camiño, a estrada ou vía non se atopa inventariada.
- Informe da Secretaría que acredite a ausencia de procedementos xurisdicionais ou doutra índole en curso sobre a titularidade do ben.
- Informe suscrito polo persoal técnico municipal que detalle signos externos de dominio público municipal (mantemento histórico, servizos públicos de entidade suficiente, iluminación, etc.) e a inexistencia de sinais de propiedade privada.

As subvencións que se outorguen ao abeiro deste plan quedan vinculadas á execución das actuacións integradas nos proxectos.

Dada a súa natureza extraordinaria, as axudas concedidas non poderán destinarse ao cofinanciamento de obras ou intervencións integradas noutros plans, programas ou convenios desta Deputación. Os proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas deberán ser de nova execución ou implantación, polo que se exclúe o financiamento de obras xa iniciadas ou en curso con anterioridade á data de presentación da solicitude de subvención. Para os efectos destas bases, entenderase que unha obra está iniciada cando xa fose obxecto de adxudicación.

Non se admite o cofinanciamento deste plan co +Provincia nin con outros plans provinciais. No suposto de que a entidade municipal deba afrontar unha achega económica, esta deberá ser asumida con fondos propios ou, de ser o caso, con recursos doutras administracións.

As axudas outorgadas por outras administracións para o financiamento da achega municipal consideraranse cofinanciamento do presente plan e rexeranse polo disposto nestas bases, que prevalecerán sobre calquera outra disposición concorrente.



No suposto de que o concello obteña financiamento externo para un investimento, deberá comunicarllo de forma inmediata á Deputación para, de ser o caso, proceder ao axuste ou á minoración da subvención concedida.

No suposto de que unha vía, por razón da súa localización, precise obter unha ou varias autorizacións sectoriais, o concello deberá acreditar, no momento de presentar a solicitude de subvención, que conta coa resolución favorable ou, no seu defecto, que foi solicitada ante a administración ou organismo correspondente. Nestes casos a concesión da subvención quedará condicionada a esta circunstancia.

Cando a aprobación definitiva dun proxecto, documento técnico ou memoria valorada estea condicionada á obtención dunha autorización sectorial xa solicitada, admitirase que a súa aprobación formal se atrase ata o outorgamento da citada autorización. Neste caso, o concello deberá presentar, canda a primeira xustificación, a seguinte documentación:

1. A resolución ou acordo de aprobación do proxecto, documento técnico ou memoria valorada.
2. A acta de implantación ou acta de trazado previo.
3. As autorizacións correspondentes.

Segunda. Natureza xurídica

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria rexeranse por estas bases, de conformidade co disposto na Disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

Con todo, para o non previsto nelas aplicaranse supletoriamente a LXS; o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Terceira. Aprobación das bases

De acordo co establecido na cláusula 16.3 das Bases de execución do orzamento para o exercicio 2026 e no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é o Pleno da Deputación.



Cuarta. Beneficiarios

Poderán solicitar as subvencións reguladas nestas bases os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Nacional de Estatística (INE) referida á última actualización do censo na data de publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) destas bases. Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que concorra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

Quinta. Financiamento

O financiamento deste plan ascende a oito millóns de euros (8.000.000 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable á aplicación 2026/942.9420.762.77. Para atender a presente convocatoria estase a tramitar o expediente de modificación de crédito núm. 03/2026, polo que a súa eficacia queda condicionada á aprobación do devandito expediente.

Sexta. Procedemento de concesión e criterios de repartición

As subvencións obxecto deste plan outorgaranse **mediante o procedemento de concorrencia non competitiva**. Serán beneficiarios todos os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo INE referida á última actualización do censo.

Deberán desestimarse, por incumprimento dos requisitos esenciais, aquelas solicitudes que non se axusten ás presentes bases ou que non acheguen a documentación preceptiva esixida.

O orzamento total do plan é de oito millóns de euros (8.000.000 €), cuxa distribución se realizará conforme a seguinte táboa:

DISTRIBUCIÓN		
Porcentaxe fixa	36,88 %	2.950.000 €
Porcentaxe variable	63,12 %	5.050.000 €
TOTAL	100 %	8.000.000 €



Para a repartición artículase un modelo mixto que combina unha asignación lineal fixa con variables ponderadas da forma seguinte:

1. A asignación fixa (36,88 % do total) garante unha subvención de carácter fixo de cincuenta mil euros (50.000 €) para cada concello. Esta contía lineal asegura que incluso os municipios máis pequenos dispoñan de recursos para afrontar intervencións na rede viaria. O total destinado a este bloque ascende a dous millóns novecentos cincuenta mil euros (2.950.000 €).
2. A repartición variable ponderada (63,12 % do total). O crédito restante distribúese de forma proporcional atendendo a criterios obxectivos que reflicten a realidade territorial e demográfica.
 - a. Superficie (37,88 % aprox.): constitúe o criterio con maior peso neste tramo. Distribúense tres millóns trinta mil euros (3.030.000 €) de forma directamente proporcional en función da extensión de cada municipio, de acordo cos datos publicados polo IGE correspondentes ao ano 2019, compensando así aqueles concellos con redes viarias máis extensas.
 - b. Poboación (12,62 % aprox.): repártese un millón dez mil euros (1.010.000 €) de forma directamente proporcional conforme o número de habitantes do concello, segundo a certificación expedida polo IGE a 1 de xaneiro de 2025.
 - c. Entidades singulares (12,62 % aprox.): distribúese un millón dez mil euros (1.010.000 €) de forma directamente proporcional consonte o “número de entidades singulares” de acordo cos datos publicados polo IGE correspondentes ao ano 2025, recoñecendo a dificultade para garantir a conexión en territorios moi dispersos.

A determinación dos importes individualizados que lle correspondan a cada concello darase a coñecer dentro dos dez primeiros días hábiles seguintes ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), sen prexuízo de que os concellos poidan consultar esta información a través do Servizo de Cooperación.

A Presidencia ditará unha resolución na que se aprobará a cantidade total de cada concello. A disposición efectiva do crédito realizarase de xeito singularizado para cada solicitude, logo da instrución do procedemento e verificación técnica e administrativa da documentación presentada.



Sétima. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios. Esta instrución comprende as seguintes fases:

1. Unha vez presentadas as solicitudes, realizarase o seu estudo e comprobación por parte do servizo instrutor e solicitaranse as emendas que procedan, que deberán presentarse no prazo de dez (10) días hábiles.
2. Petición de informes: o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, en caso de ser necesarios.
3. Informe-proposta do xefe do Servizo de Cooperación para aprobar a concesión da axuda. En caso de que a solicitude fose desestimada, motivaranse as razóns da desestimación.
4. Informe de fiscalización de Intervención de cada expediente de solicitude e do informe-proposta.
5. Propostas de resolucións definitivas, que se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.
6. Resolución do órgano competente, de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras, na que se deberán acreditar os fundamentos da resolución que se adopte.

O prazo máximo para notificar e resolver non poderá exceder os seis (6) meses e computarase a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento deste prazo máximo sen notificárllelo aos potenciais beneficiarios lexitímaos para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.

A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor do beneficiario proposto fronte á administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión. Unha vez notificada esta, entenderase aceptada polos concellos salvo que estes a rexeiten expresamente.

Oitava. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvencións presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).



Estas solicitudes deberán ser aprobadas mediante resolución ou acordo do órgano competente do concello, no cal se fará constar expresamente a denominación do investimento e a cantidade total solicitada.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistema de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Novena. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes de subvencións que se acollan a este plan é dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no BOPPO e na BDNS.

Décima. Simplificación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Para a tramitación dos procedementos de concesión e xustificación ao abeiro destas bases, os concellos presentarán unha declaración responsable do cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra. Para tal efecto, os formularios de procedemento, tales como as solicitudes de subvencións ou de achega de documentación xustificativa dispoñibles na Sede electrónica (<https://sede.depo.gal>), incorporan a citada declaración responsable como instrumento de simplificación administrativa para axilizar a instrución dos expedientes.

Non obstante, de conformidade co disposto na normativa vixente en materia de subvencións, a Deputación poderá comprobar de oficio o cumprimento das devanditas obrigas mediante os mecanismos de interoperabilidade dispoñibles ou mediante os requirimentos que resulten procedentes.

Décimo primeira. Documentación

As entidades interesadas, ademais do formulario de solicitude, achegarán a seguinte documentación:



1. Resolución ou acordo do órgano competente do concello polo que se aproba a solicitude de subvención, onde se indique a denominación do investimento e o seu importe. Tamén será válido o certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente da resolución ou do acordo adoptado.
2. Proxecto, documento técnico ou memoria valorada, segundo a normativa aplicable en función da tipoloxía da obra ou investimento.
3. Informe da persoa redactora do proxecto, avalado pola técnica ou técnico do concello cando a redacción sexa externa, no que se deberá indicar expresamente se a execución do proxecto, o documento técnico ou a memoria precisa ou non autorizacións sectoriais. En caso de que sexan necesarias, expresárase o seu detalle.
4. Autorizacións sectoriais precisas para a normal execución do investimento ou documentación que acredite que se solicitaron ante os organismos correspondentes, de ser o caso.
5. Resolución ou acordo de aprobación do proxecto, documento técnico ou memoria das obras incluídas no plan. Tamén será válido o certificado expedido pola persoa funcionaria competente da resolución ou do acordo adoptado. Conforme o disposto na base primeira, no suposto de que a aprobación formal non fose posible pola necesidade de dispoñer dalgunha autorización sectorial pendente de outorgamento, a entidade municipal achegará, xunto coa primeira xustificación, a resolución ou o acordo de aprobación do proxecto, documento técnico ou memoria (ou o certificado da resolución ou do acordo adoptado), as autorizacións sectoriais que procedan e a acta de implantación ou de trazado previo.
6. Acreditación da titularidade consonte o disposto na base primeira.
7. Acta de trazado previo (anexo I), en caso de contar coa dispoñibilidade dos terreos precisos para a execución normal do investimento.

Ao cubrir a documentación, deberanse ter en conta as seguintes instrucións:

- As certificacións asinaraas a persoa titular da Secretaría do concello e a que teña atribuída a representación legal ou a competencia delegada.
- As declaracións, compromisos e demais documentación asinaraos a persoa titular da alcaldía ou outra en quen delegue.
- No suposto de que algún dos documentos que se deban presentar por medios electrónicos supere a capacidade máxima establecida ou teña un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada nas bases



oitava e novena. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos poderá consultarse na citada sede electrónica.

- Calquera falsidade nos datos achegados dará lugar á perda da subvención concedida, sen prexuízo das demais responsabilidades que poida dirimir o organismo provincial.
- Non se concederán subvencións se non figuran no expediente todos os formularios e documentos preceptivos previstos nestas bases. En caso de defecto, erro ou omisión na presentación da documentación á que se refire esta base, ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada que emende as faltas ou deficiencias emendables no prazo máximo de dez (10) días hábiles, coa advertencia de que, de non o facer, entenderase que desiste da súa solicitude, logo da resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.
- Non será emendable **a falta de presentación** do proxecto, do documento técnico ou da memoria valorada nin a ausencia da resolución ou do acordo do órgano municipal competente de aprobación da solicitude de subvención, que deberá indicar, en todo caso, a denominación do investimento e a contía total que se solicita.
- Os anexos, dispoñibles na Sede electrónica da Deputación (<https://sede.depo.gal>), non poderán ser obxecto de manipulación nin emenda. Poderanse utilizar modelos propios de certificación, que deberán respectar o contido exacto recollido nestas bases.

Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de acordos e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, e a través de <https://dehu.redsara.es/>. Estas entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a esta.



O sistema remitiralle ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo cuarta. Proxectos de obra

Os proxectos serán redactados por persoal técnico competente e deberán referirse necesariamente a obras completas ou de aproveitamento separado; entenderanse por tales as susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, e comprenderán todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.



Todos os proxectos conterán, como mínimo, a documentación establecida na normativa de contratos e axustarán o seu contido ás instrucións que se recollen nestas bases. Non se admite a execución da obra polo sistema de administración.

Cada concello poderá presentar unha única solicitude de subvención que poderá comprender:

- Un único proxecto, cando a intervención se restrinxa a unha das tipoloxías de actuación previstas nestas bases.
- Ata un máximo de **dous proxectos diferenciados**, cando se correspondan coas dúas tipoloxías de actuacións previstas (vías municipais e sendeiros peonís que dean acceso directo a praias fluviaias e/ou marítimas).

Os proxectos poderán integrar diferentes actuacións de natureza similar que, conforme o disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), poderán ser obxecto de adxudicación por lotes para garantir a eficiencia na execución.

Consonte ó disposto na base primeira, non serán subvencionables as actuacións sobre rutas costeiras, fluviaias, sendas naturais, etc. que non garantan un acceso directo a praias fluviaias ou marítimas nin as intervencións en elementos funcionais complementarios da vía, tales como zonas de estacionamento, aparcadoiros, áreas de servizo, iluminación ou marquesiñas.

Así mesmo, exclúense as actuacións que incidan nas redes de saneamento ou abastecemento, mobiliario ou outros servizos vinculados ás vías, por tratarse de servizos municipais alleos á propia rede viaria. Malia isto, estas actuacións ou outros servizos municipais poderán integrarse nos proxectos técnicos, aínda que o seu custo deberá ser asumido polo concello.

Tampouco terá a consideración de gasto elixible a adquisición de terreos, independentemente do título xurídico de obtención.

Finalmente, non terán a consideración de gastos subvencionables os custos derivados da redacción de proxectos, memorias ou estudos previos nin os honorarios de dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde ou controis de calidade.

Os proxectos de obra incluírán na súa memoria, e nun apartado específico, a clasificación das obras segundo o seu obxecto e natureza, de acordo cos grupos indicados no artigo 232 da LCSP.



Os proxectos de obra, conforme ó recollido no artigo 233 da LCSP, deberán comprender, cando menos, o seguinte:

1. Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa a estas, as necesidades que se deben satisfacer e a xustificación da solución adoptada, e na que se detallen os factores de todo tipo que se deben ter en conta.
2. Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e os servizos afectados pola súa execución.
3. Os pregos de prescricións técnicas e particulares.
4. Un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou un plan de obra de carácter indicativo, coa previsión, se é o caso, do tempo e do custo.
5. Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, no que se indiquen os prezos unitarios e os descompostos e, se é o caso, o estado das medicións e os detalles necesarios para a súa valoración. En caso de incluír partidas alzadas, o seu importe non poderá superar o 5 % do orzamento de execución material. Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables; non se admitirán partidas de natureza administrativa, coma homologacións, licenzas ou o custo do cartel de obra, por ser a cargo do adxudicatario.
6. O estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas pertinentes.
7. O estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade de residuos xerados e unha valoración do custo previsto para a súa xestión, o que debe figurar con carácter independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro.
8. O estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, agás que resulte incompatible coa súa natureza.
9. Cando sexa necesario, un estudo topográfico para a definición correcta dos terreos sobre os que se vai executar a obra.
10. Na redacción dos proxectos de obra débese ter en conta a porcentaxe de gastos xerais e de beneficio industrial, e as persoas autoras destes deberán ser técnicas ou técnicos competentes na materia obxecto do proxecto.
11. Canta documentación estea prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.
12. Unha reportaxe fotográfica do ámbito da actuación con imaxes dos elementos singulares sobre os que se vai actuar.

Os proxectos estarán suxeitos ás instrucións técnicas que sexan de obrigado cumprimento.



Naqueles proxectos de obra cuxo valor estimado sexa inferior a corenta mil euros (40.000 €), poderase presentar un documento técnico ou memoria valorada onde se simplifique, refunda ou incluso suprima algún dos documentos anteriores, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para valorar, definir e executar a obra, sen prexuízo de que se deba elaborar un proxecto cando as normas específicas o requiran. En todo caso, como mínimo, achegarase o seguinte:

1. Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, na que se recollerán os antecedentes e a situación previa a elas, as necesidades que hai que satisfacer e a xustificación da solución adoptada, e na que se detallen os factores de todo tipo que se deben ter en conta.
2. Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida.
3. O orzamento, as medicións e os detalles necesarios para valorar a actuación.
4. O estudo básico de seguridade e saúde e o estudo de xestión de residuos, dos que só poderá prescindirse nos casos previstos na normativa específica que regula a obra.

Non se poderá facer referencia a marcas concretas en ningún documento do proxecto. Só se admitirá, excepcionalmente, a referencia a marcas cando non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato, de acordo co artigo 126.6 da xa citada LCSP, e deberá engadirse a mención “ou equivalente”.

A Deputación, en todo caso, supervisará e controlará os proxectos e terá especialmente en conta os prezos das distintas unidades.

De acordo co estipulado na base primeira, os proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas deberán ser de nova execución ou implantación, polo que non se permitirá o financiamento de actuacións que xa estean incluídas ou fosen obxecto de subvención noutras convocatorias de axudas ou programas da Deputación ou doutras administracións públicas. Exclúese o financiamento de obras xa iniciadas ou en curso antes da data de presentación da solicitude de subvención. Para os efectos destas bases, entenderase que unha obra está iniciada cando xa fose obxecto de adxudicación.

Décimo quinta. Aprobación de proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas

Os proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas deberán ser aprobados polo órgano municipal competente.



Non obstante, tendo en conta o establecido respecto da excepcionalidade na aprobación por non dispoñer de autorizacións sectoriais, o concello achegará a resolución ou o acordo de aprobación do proxecto, o documento técnico ou a memoria valorada coa presentación da primeira xustificación, xunto coa acta de implantación ou de trazado previo e as correspondentes autorizacións sectoriais.

Décimo sexta. Achegas municipais

En caso de que a entidade municipal deba afrontar unha achega económica para a actuación, esta deberá ser asumida con fondos propios ou, de ser o caso, con recursos procedentes doutras administracións.

De conformidade co disposto na base primeira, non se admite, en ningún caso, o financiamento da dita achega municipal mediante o Plan +Provincia nin con ningún outro plan provincial.

No suposto de que o concello financie a súa achega con axudas doutras administracións, a súa execución e xustificación rexeranse polo establecido nestas bases, as cales prevalecerán sobre calquera outra disposición concorrente.

En caso de que a entidade obteña financiamento externo para o investimento, deberá comunicarllo de forma inmediata á Deputación para, de ser o caso, proceder ao axuste ou á minoración da subvención concedida.

Décimo sétima. Titularidade

O concello deberá ser, en todo caso, titular da rúa, camiño, estrada ou vía na que se realizarán as actuacións obxecto de subvención. A acreditación da titularidade efectuarase conforme o disposto na base primeira.

Décimo oitava. Autorizacións sectoriais e licenzas

O concello será responsable de solicitar e obter cantos permisos e autorizacións sectoriais sexan necesarios para executar o investimento.

O concello deberá acreditar que conta con eles ou que xa os solicitou mediante a presentación dos correspondentes documentos. Neste último caso, a concesión da subvención quedará condicionada a que a entidade municipal xustifique a obtención



da autorización ou do permiso coa presentación da primeira xustificación da axuda económica.

Décimo novena. Execución dos investimentos

Os investimentos deberán estar executados o 31 de decembro de 2027. O incumprimento deste prazo dará lugar, segundo o caso, á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.

Este prazo poderá ser prorrogado por un máximo de seis (6) meses, sempre que se acrediten circunstancias debidamente motivadas e xustificadas.

Os concellos contratarán os investimentos de acordo coa lexislación vixente en materia de contratación pública. Non se admite a execución das obras polo sistema de administración.

As obras serán executadas polos respectivos concellos conforme o correspondente proxecto técnico de execución, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

As actuacións obxecto de subvención deberán iniciarse con posterioridade á data de presentación da solicitude de subvención, polo que non son subvencionables, en ningún caso, as obras que xa estean iniciadas ou en curso de execución antes da mencionada data. Para os efectos destas bases, entenderase que unha obra está iniciada cando xa fose obxecto de adxudicación.

A dirección das obras será nomeada pola entidade local contratante, que terá que informar a Deputación unha vez que se produza a designación. Calquera cambio na dirección técnica comunicaráse igualmente á institución provincial no momento en que teña lugar.

Os concellos deberanlle comunicar á Deputación os actos oficiais relativos ao inicio, á execución e á finalización dos investimentos financiados ao abeiro do presente plan. Para estes efectos:

1. Os concellos comunicaranlle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e hora na que terá lugar a comprobación da implantación. A esta poderá asistir, se se considera procedente, a Presidencia ou unha persoa representante ou facultativa da institución provincial. Así mesmo, a entidade municipal deberá remitir un exemplar da acta de comprobación da implantación xunto coa fotografía do cartel de obra que acredite a difusión do



financiamento concedido pola Deputación. Este cartel deberase colocar no momento da sinatura da devandita acta.

2. O persoal técnico do Servizo de Cooperación poderá visitar as actuacións en execución desenvolvidas polos concellos ao abeiro do presente plan. Para organizar estas visitas, os concellos comunicaranlle ao citado servizo, coa suficiente antelación, polo menos de catro días, cando se acade o 50% e o 100% de execución do contrato nas obras cuxo orzamento supere os cen mil euros (100.000 €), IVE engadido.
3. Ao remate das obras, os concellos comunicaranlle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e hora do acto de recepción destas, ao que poderá asistir, se se considera procedente, a Presidencia ou unha persoa representante ou facultativa da Deputación. A administración municipal deberalle remitir un exemplar da acta de recepción á Deputación.
4. De ser o caso, os concellos comunicaranlle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e hora da inauguración oficial dos investimentos financiados co presente plan, á que poderá asistir, se se considera procedente, a Presidencia ou unha persoa representante da Corporación provincial.

O incumprimento da obriga de colocar o cartel de obra implicará a imposición de deducións graduadas sobre a subvención concedida, conforme o artigo 28 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación. Concretamente:

- A falta de colocación do cartel no prazo estipulado no punto primeiro dará lugar a unha dedución do 5% da contía concedida.
- Se o incumprimento persiste tras o prazo do requirimento, a dedución será de entre o 10 % e o 20% da dita contía.

Para aplicar estas deducións non será necesario tramitar un procedemento específico distinto ao da xustificación da subvención, descontarase o importe correspondente directamente da contía que se vai librar.

Con todo, a Deputación poderá inspeccionar a execución das obras obxecto deste plan e as actuacións realizadas cando o considere oportuno, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que lles corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ás persoas responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

Vixésima. Modificación das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións por desistencia da finalidade subvencionada



Con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención, e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, poderase solicitar un cambio de destino en caso de desistencia da finalidade subvencionada, sempre que non se prexudiquen intereses de terceiras persoas.

A modificación do destino das subvencións concedidas (cambio de finalidade) estará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a. Petición motivada do cambio de finalidade, que se poderá presentar, entre outros, nos seguintes supostos:
 - A denegación ou falta dos permisos, licenzas e autorizacións necesarias para a normal execución do investimento, segundo a normativa aplicable.
 - A obtención de axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados que cubran o gasto subvencionado.
 - No caso das achegas municipais que se prevexan financiar coas subvencións outorgadas por outras administracións, a denegación das subvencións solicitadas que imposibiliten a execución do investimento.
 - Se ten prioridade o financiamento doutro gasto urxente e non se conta con crédito suficiente para levalo a cabo.
- b. Acordo do órgano competente do concello no que se resolva a desistencia e o cambio de destino.
- c. Documentación técnica e administrativa do novo investimento que deberá ser de nova implantación, polo que se exclúe o financiamento de obras xa iniciadas ou en curso de execución antes da data de presentación da solicitude de subvención. Para os efectos destas bases, entenderase que unha obra está iniciada cando xa fose obxecto de adxudicación.

A modificación do destino das subvencións requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- a. Informe do Servizo de Cooperación relativo á desistencia.
- b. Informe favorable da Intervención provincial á desistencia.
- c. Resolución presidencial pola que se acepta a desistencia e se deixa en dispoñible o crédito previamente comprometido para o financiamento do investimento que pretenda acometer o concello. Con carácter excepcional, atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.



- d. Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación, por razón do importe da nova concesión, no que se conceda unha subvención por cambio de destino, logo dos informes favorables do Servizo de Cooperación e da Intervención.

O crédito procedente dun cambio de finalidade débese comprometer na súa totalidade. Para isto, a petición do cambio de finalidade pola desistencia acompañarase, en todo caso, da nova solicitude de subvención, xunto coa documentación que se dispón na base décimo primeira.

Vixésimo primeira. Modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación do proxecto

Con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión da subvención, e antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado, poderase solicitar a modificación do acordo ou da resolución por necesidade de adaptar ou actualizar o proxecto, sen que se modifique a tipoloxía inicialmente aprobada, sempre que non se prexudiquen intereses de terceiras persoas.

Para proceder á modificación, o concello deberá achegar:

- a) **Petición formal motivada**, que poderá basearse, entre outras, nas seguintes circunstancias:
1. Adaptación do proxecto ás especificacións técnicas, legais ou regulamentarias aprobadas con posterioridade á concesión da subvención e antes da licitación do investimento.
 2. Cumprimento das cautelas ou requirimentos impostos nas autorizacións sectoriais concedidas despois da concesión e antes da licitación do investimento.
 3. Corrección do proxecto ou da memoria por erros ou omisións detectadas despois da concesión e antes da licitación do investimento.
 4. Adaptación, redefinición, actualización ou variación dalgún dos conceptos subvencionados recollidos no proxecto ou na memoria antes da licitación do investimento.
- b) **Acordo ou resolución do órgano competente do concello** no que se aprobe o proxecto, o documento técnico ou a memoria valorada ou descritiva do investimento.

A modificación do acordo ou da resolución de concesión requirirá a **autorización expresa da Deputación**, seguindo este procedemento interno:



1. Informe favorable de supervisión do proxecto, documento técnico ou equivalente descritivo da actuación que se vai levar a cabo.
2. Informes favorables do Servizo de Cooperación e da Intervención.
3. Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación no que se autorice o proxecto adaptado ou actualizado.

Efectos económicos da reformulación do proxecto:

1. Se a reformulación do proxecto técnico, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, non supón unha alteración orzamentaria con respecto ao proxecto inicial, o órgano competente da Deputación autorizará, tras a aprobación por parte do concello, o proxecto sen modificar o contido económico da resolución ou do acordo de concesión.
2. Se a modificación supón unha **minoración do custo do proxecto**, procederase á minoración da subvención concedida.
3. Se a modificación supón un **incremento do custo do proxecto**, o concello deberá asumir o sobrecusto correspondente.

Vixésimo segunda. Modificación dos proxectos e excesos de medición

Se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado. Para a tramitación do proxecto modificado, o concello deberá achegar:

1. Petición da entidade municipal na que se solicita a tramitación do proxecto modificado.
2. Proxecto modificado.
3. Acordo de adxudicación do investimento e, de ser o caso, o contrato.
4. Informe da dirección de obra.
5. Aprobación do proxecto modificado polo órgano de contratación.

A conformidade co proxecto modificado por parte da Deputación esixirá un trámite interno que se axustará ao seguinte procedemento:

1. Informe de supervisión do proxecto modificado polas persoas facultativas técnicas de Cooperación.
2. Informes favorables do Servizo de Cooperación e de Intervención.
3. Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación de conformidade do proxecto.



Cando o proxecto modificado implique un incremento de custo con respecto ao inicial, o concello empregará a baixa obtida na adxudicación do contrato no financiamento do modificado, de contar con ela. De non existir baixa de adxudicación ou, en caso de habela, esta é insuficiente, o concello deberá asumir o financiamento do importe que corresponda.

Enténdese por exceso de medicións a variación que, durante a correcta execución da obra, se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, e sempre e cando non representen un incremento do gasto superior ao 10% do prezo do contrato inicial.

Os excesos de medicións deberán certificarse de forma separada (certificación de liquidación) do resto do proxecto e acompañaranse do informe da dirección de obra ao respecto.

Os excesos de medición que se financien contra a baixa acadada na adxudicación do contrato do propio investimento serán aboados unha vez supervisada a certificación de liquidación polas persoas facultativas técnicas de Cooperación e fiscalizada pola Intervención; non será necesaria a autorización previa do reinvestimento polo órgano competente da Deputación.

Vixésimo terceira. Obrigas dos beneficiarios

Os concellos beneficiarios, de conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigados a cumprir o establecido no artigo 11 da LSG e, en particular, a:

1. Aplicar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento das finalidades que fundamentan a súa concesión.
2. Executar as actuacións obxecto de subvención dentro dos prazos sinalados nas presentes bases.
3. Facilitar a información e a documentación que, no exercicio das facultades de comprobación e inspección, lles requira a institución provincial no prazo establecido para o efecto.
4. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra e achegar canta documentación se lle requira no prazo que estableza a institución provincial.
5. Designar a dirección facultativa das obras cando o concello actúe como órgano de contratación. Calquera modificación na dirección técnica deberá selle comunicar de xeito fidedigno ao organismo provincial.



6. Efectuar o pagamento aos acredores ou provedores coa maior dilixencia e, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a recepción efectiva dos fondos da subvención.
7. Comunicarlle á Deputación calquera eventualidade ou incidencia que altere ou dificulte a consecución da finalidade subvencionada, co fin de instar, de ser o caso e coa antelación preceptiva, a modificación da resolución de concesión e da xustificación dos gastos.
8. Notificar a obtención doutras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público, estatal ou internacional.
9. Cumprir a normativa en materia de contratación do sector público e demais normativa de aplicación.
10. Tramitar e obter as autorizacións, concesións e licenzas preceptivas ante os organismos e administracións competentes.
11. Cumprir as prescricións, condicionamentos e requisitos técnicos recollidos nas autorizacións sectoriais.
12. Notificarlle á Deputación, cunha antelación mínima de catro días hábiles, o lugar, a data e a hora do acto de comprobación da implantación, das visitas de obra, da recepción da obra ou subministración e, se procede, da inauguración do investimento.
13. Consignar en todas as accións de comunicación, publicidade e difusión o financiamento da Deputación de Pontevedra.
14. Acreditar a observancia das obrigas de publicidade desde o inicio da execución, mediante a achega de soporte gráfico e documental. Para tal efecto, a entidade local deberá:
 - Incorporar no prego de cláusulas administrativas particulares unha cláusula que sinala a obriga do contratista de instalar, desde o inicio das obras ata a súa recepción e comprobación material, un cartel informativo normalizado.
 - Asumir a carga económica e a instalación física dos carteis, así como a súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou logo da comprobación material da Deputación.
 - Exercer a correcta instalación dos carteis informativos, garantindo o cumprimento dos estándares de imaxe institucional.



- Nas accións de difusión a través de redes sociais, perfís institucionais ou notas de prensa dixitais ou prensa escrita, deberá facerse mención expresa ao financiamento da Deputación de Pontevedra e incorporar, de ser posible, os logos oficiais.
- Garantir o correcto estado de conservación dos carteis durante o prazo de execución e, polo menos, ata a comprobación material, procedendo a súa reposición inmediata en caso de actos de vandalismo ou subtraccións.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional ditar as instrucións relativas á identidade corporativa. Os modelos normalizados están dispoñibles no portal web www.depo.gal.

En todo caso, a publicidade das subvencións realizarase de acordo co **Manual de identidade corporativa** vixente no momento da concesión da subvención. O incumprimento de calquera destas obrigas facultará á Deputación para iniciar o correspondente **expediente de reintegro** das contías percibidas.

Vixésimo cuarta. Xustificación dos investimentos

Os investimentos deberán estar executados na súa totalidade o **31 de decembro de 2027**, e fixarase, en todo caso, o prazo de xustificación ata o **31 de maio de 2028**. O incumprimento destes prazos dará lugar, segundo o caso, á perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención. En caso de que se prorrogue o prazo de execución, conforme o previsto na base décimo novena, o prazo de xustificación ampliarase de xeito concordante.

A documentación xustificativa será obxecto de revisión polo Servizo de Cooperación e de fiscalización pola Intervención Provincial. Os investimentos realizados estarán sometidos á comprobación material da execución por parte dos servizos técnicos provinciais. Esta verificación é un requisito imprescindible do que deberá quedar constancia no expediente. Así mesmo, poderanse solicitar informes a outros servizos da Deputación competentes por razón da materia. En todo caso, a Deputación reserva as súas facultades de inspección e control.

O aboamento das subvencións realizarase segundo a porcentaxe determinada na fase de concesión. De xustificarse gastos inferiores ao orzamento que serviu de base para a concesión, a contía da subvención reducirase proporcionalmente. O concello poderá presentar xustificacións parciais conforme o ritmo de execución.



O pagamento ao concello do importe da subvención realizarase á vista das certificacións de execución de obra aprobadas polo órgano municipal competente. As entidades beneficiarias presentarán a través da sede electrónica, mediante o modelo de achega de documentación xustificativa dispoñible en “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude” para o efecto, a seguinte documentación:

Coa primeira certificación ou factura achegarase:

1. Certificación de obra en modelo normalizado ou similar e a correspondente factura.
2. Acordo municipal de aprobación da certificación de obra.
3. Acordo ou resolución de adxudicación do contrato e, de ser o caso, o documento de formalización (contrato).
4. Nomeamento da dirección facultativa e da coordinación de seguridade e saúde.
5. Acta de comprobación da implantación.
6. Acreditación da publicidade mediante soporte fotográfico do cartel e, de ser o caso, evidencia da difusión en contorna dixital (web ou redes sociais).
7. Certificado da Secretaría ou Intervención municipal relativo á non obtención de outras axudas ou ingresos para a mesma finalidade ou, no seu defecto, detalle do financiamento obtido.
8. Certificado de cumprimento da normativa de contratos do sector público segundo a tipoloxía do procedemento utilizado.
9. Resolución de aprobación do proxecto ou memoria valorada e copias das autorizacións sectoriais preceptivas, cando a concesión da subvención quedase condicionada a tales circunstancias.
10. Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, en caso de non empregar o formulario dispoñible na sede electrónica, sen prexuízo do disposto na base décima.

As sucesivas certificacións, nos modelos normalizados ou similares, ou facturas acompañaranse do acordo municipal de aprobación das certificacións ou facturas correspondentes.

Coa última certificación ordinaria achegarase:

11. A certificación final e a factura correspondente.
12. O acordo de aprobación da certificación final.



13. O informe final da dirección de obra con independencia de que existan ou non variacións respecto ao proxecto ou memoria inicial. De existiren variacións que dean lugar a excesos de medición, acompañarase da certificación de liquidación e da súa factura debidamente aprobada.
14. En caso de que a adxudicación ou o contrato de obras inclúa melloras ofertadas pola empresa adxudicataria, deberá achegarse un informe da dirección facultativa no que se acredite a execución das melloras e o seu axuste ás ofertadas.
15. A acta de recepción en modelo normalizado, coas persoas asinantes debidamente identificadas.
16. O informe da dirección facultativa sobre o cumprimento dos condicionamentos impostos polas autorizacións sectoriais, se fose o caso.
17. A declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, no caso de non empregar o formulario dispoñible na sede electrónica, sen prexuízo do disposto na base décima.

Xustificación dos investimentos en obras adxudicadas mediante contratos menores:

No caso dos investimentos en obras que se adxudiquen mediante contratos menores, definidos no artigo 118 da LCSP, esixirase a seguinte documentación:

1. A certificación de obra e a factura, ou unicamente a factura, na que se deberán detallar as unidades, conceptos e prezos unitarios consonte o Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro. Deberán evitarse conceptos con obxectos indeterminados ou xenéricos que dificulten a comprobación formal e material do investimento.
2. O acordo ou a resolución de aprobación da certificación de obra ou da factura correspondente.
3. O acordo ou a resolución de autorización e a disposición do gasto.
4. O nomeamento da dirección facultativa.
5. A acta de comprobación da implantación e a acta de recepción en modelo normalizado, de contar con elas. A acta de recepción poderá substituírse pola factura conformada polo persoal técnico municipal encargado da comprobación material, na que se incluírán nome, cargo e sinatura, e que constituirá a constatación do cumprimento do contrato.



6. O informe final da dirección de obra ou, no seu defecto, do persoal técnico municipal, con independencia de que existan ou non variacións respecto ao proxecto ou memoria inicial. De existiren excesos de medición (liquidación), o informe acompañarase da certificación de liquidación, da factura e da súa aprobación.
7. O informe da dirección facultativa ou do persoal técnico municipal sobre o cumprimento dos condicionamentos impostos polas autorizacións sectoriais, se fose o caso.
8. A acreditación da publicidade do financiamento da Deputación mediante soporte fotográfico do panel de obra instalado.
9. A certificación da Secretaría ou Intervención municipal de que non se percibiron outras subvencións para a mesma finalidade ou, en caso contrario, detalle do financiamento obtido.
10. A certificación de cumprimento normativo emitida pola persoa funcionaria competente, acreditando que se respectaron os requisitos mínimos da lexislación de contratos segundo a tipoloxía do procedemento.
11. A declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, cando non se empregue o formulario dispoñible na sede electrónica, sen prexuízo do disposto na base décima.

Non se autorizará o reinvestimento das baixas para o mesmo proxecto, nin para actuacións complementarias nin para o financiamento dos custos derivados da redacción do proxecto, memorias ou estudos previos ou os honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, que deberán ser asumidos polo concello; agás polo disposto na base vixésimo segunda en relación aos proxectos modificados e os excesos de medición.

Vixésimo quinta. Réxime de incompatibilidades e financiamento das achegas

Dada a súa **natureza extraordinaria**, as axudas concedidas non se poderán destinar a cofinanciar actuacións integradas noutros plans, programas ou convenios desta Deputación.

De conformidade co anterior, non se admite o cofinanciamento deste plan coas axudas do **Plan +Provincia** nin con outros programas de axudas da Deputación. No caso de que a entidade local deba afrontar unha achega económica, esta deberá



asumirse con fondos propios ou, de ser o caso, con recursos doutras administracións.

Os recursos outorgados por outras administracións para financiar a achega municipal consideraranse cofinanciamento deste plan, e rexeranse polo disposto nestas bases, que prevalecerán sobre calquera outra disposición concorrente.

No suposto de que o concello obteña financiamento externo para un proxecto, deberá **comunicarlllo de xeito inmediato** á Deputación. Esta circunstancia poderá dar lugar ao correspondente **axuste ou minoración** da subvención concedida para evitar o sobrefinanciamento.

Vixésimo sexta. Perda do dereito de cobro ou reintegro

Procederase ao reintegro ou perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, de conformidade con estas bases, nos termos fixados na normativa de subvencións, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

Serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das xerais, as seguintes:

1. Non cumprir a normativa de contratación pública e demais normativa de aplicación.
2. Non comunicar a obtención de financiamento adicional para a mesma finalidade.
3. Non cumprir coa obriga de adoptar as medidas de difusión do financiamento público recibido.
4. Non cumprir coa obriga de obter as autorizacións sectoriais ou licenzas necesarias para executar o investimento ou incumplir o recollido nas devanditas autorizacións.

A inobservancia destas condicións facultará á Deputación para aplicar as medidas de axuste ou reintegros previstas na lexislación vixente, garantindo o trámite de audiencia á entidade municipal.

Vixésimo sétima. Réxime de recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que esgota a vía administrativa, as entidades interesadas poderán interpoñer:



Un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP).

Directamente, un recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra que corresponda, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción desta (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). Todo iso sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que se estime procedente.

Vixésimo oitava. Publicidade e transparencia

Para garantir a máxima difusión e transparencia, as presentes bases e o seu extracto publicaranse no BOPPO e no portal corporativo <https://sede.depo.gal>.

Así mesmo, de conformidade cos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto íntegro da convocatoria remitiráselle á BDNS, que será a encargada de trasladarlle o extracto ao BOPPO para a súa publicación oficial.

4.8641.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO CONSTRUTIVO “ENSANCHE E ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA EP-8101 PORTAS – ROMA, DENDE O PQ 0+000 AO PQ 3+350 (CONCELLO DE PORTAS)”. EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PROXECTO E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DA OBRA. DECLARACIÓN E URXENTE OCUPACIÓN E MOTIVACIÓN DA URXENCIA (EXPTE. 2026000907)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/3OrLAVr8NpG6H4f70brGIIEgoylNXs4DDWjqNzDnORTp6SCY>

Antecedentes.

1.- En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de



estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa finalidade de actuar en consonancia coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído e de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, redactouse o Proxecto construtivo de obras de “Ensanche e acondicionamento da estrada EP-8101 Portas–Romai, dende o PQ 0+000 ao PQ 3+350 (Concello de Portas)”.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Portas, actuando no treito comprendido entre o PQ 0+000 e o PQ 3+350 da EP-8101 Portas-Romai, co fin de mellorar a seguridade e a mobilidade dos peóns grazas á construción dunha senda peonil pola marxe esquerda da estrada provincial, que outorgue aos viandantes un espazo diferenciado, seguro e exclusivo para o seu uso, xa que na actualidade a estrada conta cun ancho escaso no treito indicado, ten estreitamentos puntuais e carece de beiravías ou sobreanchos practicables.

Desta forma crearase un itinerario peonil continuo e seguro na totalidade da estrada provincial, conectando a nova senda peonil coas beirarrúas existentes na zona de Romai, permitindo desta forma desprazamentos peonís seguros dende a parroquia de Romai ata o inicio da estrada provincial, zona onde se congregan a maior parte dos equipamentos municipais do concello, como poden ser o CPI Domingo Fontán, a Casa do Concello, o Centro de saúde, a Biblioteca municipal, Pavillón polideportivo municipal, Campo de fútbol municipal, etc.

O orzamento das obras proxectadas ascende a un millón trescentos oitenta e cinco mil douscentos oitenta euros con cincuenta e catro céntimos (1.385.280,54 €). Os prezos xustos polas expropiacións necesarias estímense en cincuenta e cinco mil seiscentos setenta e oito euros con sesenta e tres céntimos (55.678,63 €).



2.- O Concello de Portas e a Deputación de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración en data 18 de decembro de 2025 para a execución das anteditas obras. De conformidade co convenio formalizado, o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados pola expropiación finánciase integramente polo Concello de Portas.

Consideracións legais e técnicas.

1^a.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2^a.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto das obras con Código Seguro de Verificación (CSV: 8O4JNC82OC2ES4N9) redactado polo enxeñeiro Jaime David Ruibal de Sola.



- No anexo 6 do antedito proxecto sinálanse os terreos e bens que é necesario expropiar. A relación de parcelas e bens afectados figuran no Anexo I do presente Informe-Proposta.
- Informe, de 18/09/2025, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental e a necesidade de expropiación.
- Informe do director de Infraestruturas de 26/03/2026 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.
- Notas simples negativas do Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis con entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra o 12 de marzo de 2026, e certificacións catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que “se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares” (artigo 5.1).



3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.

No expediente consta o informe emitido polo director de Infraestruturas de 26 de marzo de 2026 no que sinala que “Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia, xa que a zona de actuación carece dun espazo destinado ao tránsito peonil, o que provoca que os peóns camiñen pola calzada -entorno destinado á circulación de vehículos e se creen situacións de perigo cos vehículos que discorren por ela.

Para eliminar esta zona perigosa existente na que os peóns camiñan pola calzada, vese necesario por seguridade viaria executar unha senda peonil que permita o tránsito peonil seguro, véndonos obrigados a expropiar de forma urxente 33 parcelas de titularidade privada para poder conseguir así unha maior seguridade viaria na zona de actuación tanto para os peóns como para os vehículos motorizados”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece:

“1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

- a) A declaración de utilidade pública.
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.
- e) A declaración da urxencia da ocupación.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos



servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.

3. Logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten á actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.

4ª.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: “A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos -información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

- “a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.
- b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:
 - 1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.
 - 2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.

“2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:

- a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.
- b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o esixido na lexislación de contratos do sector público.



- c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: “Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que á aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinalou en informe de Secretaría de 12/02/2021, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo ser, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

5^a Aprobación do proxecto.



Con respecto da administración competente para a aprobación do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente, considérase que do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan Director de Estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).

De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva corresponderíalle á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considérase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

“1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico”.



O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación. En data 1 de abril de 2026 a Secretaría Xeral remite informe indicando que non resulta preceptivo a emisión dun informe. Pola súa banda o Servizo de Intervención, en data 14 de abril de 2026, emite informe favorable.

Polo que antecede e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Ensanche e acondicionamento da estrada EP-8101 Portas–Roi, dende o PQ 0+000 ao PQ 3+350 (Concello de Portas)”, cun orzamento de 1.385.280,54 € e 55.678,63 € en concepto de expropiacións.

Segundo.- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

Terceiro.- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.

Cuarto.- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de edictos do concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

Quinto.- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.



Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN (m ²)	BENS
2	36040A01300225	13,90	
5C	36040A01900001	33,54	Muro de formigón de 1,00 m de alto por 0,30 m de ancho. Incluso p.p. de cementación.
10	36040A02500508	34,70	Plantas e arbustos de diferentes variedades.
11	36040A02500512	17,50	Plantas e arbustos de diferentes variedades.
12	36040A01900009	9,34	Muro mixto de formigón e sebe de 0,40 m de alto por 0,20 m de ancho. Incluso p.p. de cementación.
13	36040A01900011	25,58	Muro de perpiaño de 1,00 de alto por 0,20 m de ancho. Incluso p.p. de cementación.
13B	36040A01900010	26,27	Muro de fábrica de 1,20 m de alto por 0,20 m de ancho. Incluso p.p. de cementación.
14	36040A01900012	4,80	
15	36040A01900013	67,20	Muro mixto de pedra e formigón de 1,20 m de alto por 0,20 m de ancho. Incluso p.p. de cementación.
			Plantas e arbustos de diferentes variedades.
			Portal metálico de 1,00 m por 1,20 m. Incluso columnas laterais e elementos de ancoraxe.
			Portal metálico de 3,00 m por 1,50 m. Incluso columnas laterais e elementos de ancoraxe.
			Árbore de 0,50 m de diámetro.
17	36040A01900015	110,70	
19	36040A01900021	44,90	
21	36040A01900047	0,70	
24	36040A01901461	18,40	
25	36040A01901423	15,27	
26	36040A01901424	10,90	Árbore de 0,60 m de diámetro.
27	36040A01901454	8,61	Árbore de 0,60 m de diámetro.
28A	36040A01901470	2,55	
31	36040A01901482	4,43	
33	36040A01901517	26,84	Postes de viñado.
			Cepas de viña.
35	36040A01901519	85,35	
37	36040A01901515	25,59	



PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN (m ²)	BENS
38	36040A01901522	196,39	Postes de viñado.
			Cepas de viña.
39	36040A01901523	11,89	
40	36040A01902201	40,88	Postes de viñado.
			Cepas de viña.
42	36040A01902203	8,39	
43	36040A01902204	12,63	
47	36040A01901571	7,80	
55	36040A01901594	7,62	
58	36040A02806000	5,73	Postes de viñado.
			Cepas de viña.
59	36040A02806001	129,10	Muro de pedra, postes e malla metálica de 1,50 m de alto e 0,20 m de ancho. Incluso p.p. de cementación.
60	36040A03020062	38,10	Muro de formigón, postes e malla metálica de 1,00 de alto e 0,20 m de ancho. Incluso p.p. de cementación.
			Portón metálico de 4,00 m de ancho por 2,00 m de alto. Incluso columnas laterais e elementos de ancoraxe.
61	36040A03022061	129,12	Muro de perpiaño de 1,20 de alto por 0,20 m de ancho. Incluso p.p. de cementación.
			Rampa de formigón.
62	36040A03021061	15,39	Muro de perpiaño de 1,20 de alto por 0,20 m de ancho. Incluso p.p. de cementación.

5.8642.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO CONSTRUTIVO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-6004 PRADO-VILATUXE, DENDE O PQ 0+750 AO PQ 1+375 (CONCELLO DE LALÍN)”. EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PROXECTO E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DA OBRA. DECLARACIÓN E URXENTE OCUPACIÓN E MOTIVACIÓN DA URXENCIA (EXPTE. 2024002701)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/5NRqIa39bZkwiipuM6we2R2La5mfDyww2w5kZfao9jQeOBR3>



Antecedentes.

En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa finalidade de actuar en consonancia coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído e de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, redactouse o Proxecto construtivo de obras de “Mellora da seguridade viaria na EP-6004 Prado-Vilatuxe, dende o PQ 0+750 ata o PQ 1+375 (Concello de Lalín)". O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Lalín.

O obxecto deste proxecto é definir as obras de mellora na seguridade vial na EP-6004 Prado-Vilatuxe. A actuación prevese no treito da estrada, comprendido entre o PQ 0+750 ó PQ 1+375, cun total de 625 metros de lonxitude que discorre polo Concello de Lalín. Sendo necesario iniciar a mellora da estrada, mediante a execución da modificación de trazado, ampliación de plataforma e execución de cunetas en terras. Posteriormente, procederáse á execución do paquete de firme nas zonas de ampliación e modificación de trazado, unha vez terminada esta unidade executarase o recrecido do firme existente mediante a extensión dunha capa de formigón bituminoso en quente.

Finalmente, repoñeráse a sinalización horizontal, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

O orzamento das obras proxectadas ascende a oitenta e nove mil oitocentos cincuenta e un euros con setenta e oito céntimos (89.851,78 €). Os prezos xustos polas expropiacións necesarias estímense en cinco mil cincuenta e nove euros con sesenta e nove céntimos (5.059,69 €).



Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto das obras con Código Seguro de Verificación (CSV: GVD3YSD7DF5XU6KZ) redactado polo enxeñeiro César Paredes Rodríguez.
- No anexo 2 do antedito proxecto sinálanse os terreos e bens que é necesario expropiar. A relación de parcelas e bens afectados figuran no Anexo I do presente Informe-Proposta.
- Informe, de 27/03/2026, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental e a necesidade de expropiación.



- Informe do director de Infraestruturas de 26/03/2026 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.
- Nota simple positiva do Rexistro da Propiedade de Lalín con entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra o 29 de xaneiro de 2024, no que se fai constar os propietarios resultantes das referencias catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do Concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que “se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares” (artigo 5.1).



3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.

No expediente consta o informe emitido polo director de Infraestruturas de 26 de abril de 2026 no que sinala que “Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia, xa que a zona de actuación presenta un estreitamento da calzada e un paquete de firme máis reducido en comparación cos treitos adxacentes nun tramo no que ademais parte do trazado é en curva, o que provoca unha maior dificultade e perigosidade para o cruce de dous vehículos circulando en sentido contrario.

Para eliminar esta zona perigosa, vese necesario por seguridade viaria executar este proxecto, véndonos obrigados a expropiar de forma urxente 1 parcela de titularidade privada para poder conseguir así unha maior seguridade viaria na zona de actuación”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece:

“1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

- a) A declaración de utilidade pública.
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.
- e) A declaración da urxencia da ocupación.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.



3. Logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.

4ª.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: “A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos -información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

- “a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.
- b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:

1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.

“2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:

- a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.
- b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o exixido na lexislación de contratos do sector público.
- c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.



No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: “Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que a aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinalou en informe de Secretaría de 12/02/2021, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo ser, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

5ª Aprobación do proxecto.

Con respecto da administración competente para a aprobación do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente, considérase que do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación



definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan Director de Estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).

De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva corresponderíalle á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considérase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

“1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico”.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación. En data 1 de abril de 2026 a Secretaría



Xeral remite informe indicando que non resulta preceptivo a emisión dun informe. Pola súa banda o Servizo de Intervención, en data 14 de abril de 2026, emite informe favorable.

Polo que antecede e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Mellora da seguridade viaria na EP-6004 Prado–Vilatuxe, dende o PQ 0+750 ata o PQ 1+375 (Concello de Lalín)”, cun orzamento de 89.851,78 € e 5.059,69 € en concepto de expropiacións.

Segundo.- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

Terceiro.- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.

Cuarto.- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de edictos do Concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

Quinto.- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.



PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN (m ²)	BEN
1	36024A205003840000YY	326,25	32 árbores de gran porte

6.8643.- **EXECUCIÓN DA RESOLUCIÓN NÚMERO 81/2026, DO 27-03-2026, DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (TACGAL) (RECURSO ESPECIAL N° 57/2026): ANULACIÓN DO ACORDO DE ADXUDICACIÓN ADOPTADO POLO PLENO NA SESIÓN ORDINARIA DO 30-01-2026, RETROACCIÓN DE ACTUACIÓNS E NOVA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO CORPORATIVO DE TELECOMUNICACIÓNS DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2026030361-2026002667-2025007270)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/0LD4zOdG30fHv3QgpmrtunEcMhjCzGWkgRTIQlmzQz9TXjwe>

Resultando que o Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2026, acordou a adxudicación do contrato para a prestación do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra á UTE Telefónica de España SAU (CIF A-82018474)- Telefónica Móviles España, SAU (A-78923125)- Telefónica IoT & Big Data Tech, SAU (A-78967577).

Resultando que, con data 24 de febreiro de 2026 (Rexistro entrada 2026003163), o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) informa do recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa Orange Espagne SAU (CIF A-82009812) contra o referido acordo de adxudicación do Pleno, solicitando o expediente de contratación, acompañado de informe. No referido recurso, a recorrente solicita a exclusión da UTE por falta de capacidade de un dos membros da UTE e subsidiariamente por incumprimento claro e flagrante dos requisitos técnicos esixidos nos pregos, e



consecuentemente a adxudicación do contrato á empresa Orange Espagne SAU (CIF A-82009812).

Visto que mediante Resolución núm. 81/2026 que tivo entrada no rexistro da Deputación de Pontevedra o TACGAL resolve estimar parcialmente o recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa Orange Espagne SAU (CIF A-82009812) contra o referido acordo do Pleno de adxudicación do contrato para a prestación do servizo corporativo de telecomunicacións, acordando levantar a suspensión automática do procedemento e ordenando que ao abeiro do artigo 57.4 da LCSP se dea coñecemento ao órgano de contratación das actuacións adoptadas para dar cumprimento da resolución. Concretamente a resolución do TACGAL ordena que se proceda a retrotraer o procedemento para que polo órgano de contratación se dea unha explicación razoada e suficiente entre o esixido nos pregos e a oferta achegada en relación co que se está a indicar, isto é, entre se o ofertado mellora os mínimos esixidos nos pregos ou pola contra trátase de elementos técnicos diferentes que non cumpren coas características establecidas, e alcanzar unha conclusión técnica ao respecto do cumprimento do establecido no PPT, adoptando posteriormente os actos que sexan procedentes.

Resultando que para dar cumprimento á Resolución do TACGAL pola xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías se emitiu informe en aras a avaliar o cumprimento do prego de prescricións técnicas en relación cos requisitos de clase PoE (Power over Ethernet) para os teléfonos IP modelos Cisco 9841 e 9861, ofertados pola UTE Telefónica (CSV: CWTPQWUTUBL05GE3) no que se conclúe o seguinte:

“En cumprimento do mandato de retroacción contido na Resolución 81/2026 do TACGal, procédese a analizar novamente a cuestión relativa á clase PoE dos terminais ofertados pola UTE Telefónica, á luz da doutrina reiterada polo Tribunal, conforme á cal unicamente procede a exclusión dunha oferta cando o incumprimento dos requisitos do PPT sexa claro, expreso e manifesto.

Á vista dun novo e detallado análise, que integra a documentación técnica do fabricante, as alegacións do licitador e a citada doutrina do Tribunal Administrativo de Contratación de Galicia, este Servizo de Novas Tecnoloxías conclúe que a oferta presentada pola UTE Telefónica —modelos Cisco IP Phone 9841 e 9861— cumpre cos requisitos establecidos no Pregos de Prescricións Técnicas.

No informe técnico previo xa se indicaba que os terminais ofertados presentan unha clase PoE superior á esixida no PPT, sinalando que dita circunstancia constituía unha diferenza



respecto do mínimo requirido, sen afectar á finalidade do requisito. O presente análise afonda nesa finalidade e confirma que a oferta de terminais cunha clase superior non constitúe incumprimento ningún.

Pola contra, dita característica supón unha mellora técnica respecto dos mínimos esixidos no PPT, sen incidencia negativa na funcionalidade, na compatibilidade da rede nin no correcto desempeño do servizo. Isto débese a que os requisitos do PPT establecen un limiar mínimo de cumprimento e, tal e como xa se indicaba no informe previo, a determinación da clase PoE non respondía en ningún caso á finalidade de limitar ou reducir o consumo eléctrico.

En consecuencia, a eventual exclusión da oferta por este motivo resultaría improcedente e contraria aos principios de proporcionalidade, igualdade de trato e libre concorrancia, na medida en que suporía penalizar a un licitador por ofrecer unha solución tecnoloxicamente máis avanzada.”

Resultando que polo xefe do Servizo de Contratación se emitiu informe con (CSV: LZU6748QUV8NBZE7) no que se conclúe o seguinte:

“En virtude do exposto, procede concluír que a Resolución nº 81/2026 do TACGal resulta obrigatoria e directamente executiva en vía administrativa, quedando o órgano de contratación vinculado ao seu cumprimento nos estritos termos do fallo.

Dita resolución delimita con precisión o alcance da retroacción: non esixe refacer o procedemento na súa integridade, senón completar un trámite concreto consistente en emitir un pronunciamento técnico motivado sobre o cumprimento do requisito PoE, a fin de determinar se o ofertado mellora os mínimos esixidos ou, pola contra, non cumpre o requirido.

Constando xa no expediente o informe técnico motivado do Servizo de Novas Tecnoloxías, de data 7 de abril de 2026 (CSV: CWTPQWUTUBL05GE3), enténdese cumprimentado o trámite ordenado polo Tribunal. En consecuencia, unha vez emendado o déficit de motivación apreciado, pódese continuar a tramitación ata ditar o acto de manter a admisión da oferta e aprobar un novo acordo de adxudicación en substitución do anulado.

Así mesmo, atendendo ao carácter tasado da actuación esixida e ao marco de simplificación e concentración de trámites do artigo 72.1 da Lei 39/2015, en relación co principio de eficacia do artigo 103 CE, resulta xuridicamente viable e procedente instrumentar a execución nun único acto que acumule a constancia da anulación, a retroacción ao trámite indicado (xa cumprimentado mediante a incorporación do informe técnico) e a adopción da nova adxudicación. Esta fórmula evita dilacións e actos reiterativos sen menoscabo de garantías, preservando integramente os dereitos dos interesados á notificación, acceso ao expediente e impugnación do novo acordo”.



Considerando que a Resolución nº 81/2026 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal), ditada no Recurso nº 57/2026, é definitiva en vía administrativa e directamente executiva nos seus propios termos, polo que este órgano de contratación debe adoptar os actos necesarios para o seu estrito cumprimento, procedendo ademais dar conta ao TACGal das actuacións adoptadas ao abeiro do artigo 57.4 da LCSP.

Considerando que en execución do mandato do TACGal, consta incorporado ao expediente o informe do Servizo de Novas Tecnoloxías (CSV: CWTPQWUTUBL05GE3), no que se conclúe, de maneira motivada, que os terminais ofertados pola UTE adxudicataria cumpren cos requisitos do PPT ao supor unha mellora técnica respecto dos mínimos esixidos, non apreciándose un incumprimento claro, expreso que poida fundamentar unha exclusión.

Que, unha vez completado o trámite específico ao que se limita a retroacción e emendado o déficit de motivación apreciado, procede continuar a tramitación e ditar o acto consecuente, e que á vista do indicado nos informes incorporados, comporta manter a admisión da oferta e aprobar un novo acordo de adxudicación en substitución do acordo previamente anulado pola Resolución do TACGal.

Considerando que o artigo 72.1 da Lei 39/2015 permite, por razóns de simplificación e concentración de trámites, acordar nun só acto todos aqueles trámites que, pola súa natureza, admitan impulso simultáneo e non requiran cumprimento sucesivo, resultando ademais aplicable o principio de eficacia do artigo 103 da Constitución.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de



execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG:

1.- Dar cumprimento a Resolución do TACGAL nº 81/2026 pola que se acorda estimar parcialmente o recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa Orange Espagne SAU (CIF A-82009812) contra o acordo do Pleno de adxudicación do contrato para a prestación do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra.

2.- Anular o acordo do pleno de data 30 de xaneiro de 2026 polo que se adxudica o contrato para a prestación do “*Servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra*” á UTE Telefónica de España SAU (CIF A-82018474)- Telefónica Móviles España, SAU (A-78923125) -Telefónica IoT & Big Data Tech, SAU (A-78967577).

3.- Unha vez retrotraído o procedemento de adxudicación coa incorporación ao mesmo dos informes emitidos pola xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías con (CSV: CWTPQWUTUBL05GE3) e o emitido polo xefe do Servizo de contratación con (CSV: LZU6748QUV8NBZE7), **adxudicar novamente o contrato** para a prestación do “*Servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra*” á UTE Telefónica de España SAU (CIF A-82018474)- Telefónica Móviles España, SAU (A-78923125) -Telefónica IoT & Big Data Tech, SAU (A-78967577) polos seguintes prezos e valores ofertados:

- Prezo total ofertado (sen iva):

O prezo total é a suma de todos os servizos demandados no prego de prescricións técnicas incluídos os custos susceptibles de variación en función do tráfico consumido.



	Importe anual	Importe 4 anos
Prezo ofertado (sen iva)	415.112,40 €	1.660.449,60 €
IVE (21%)	87.173,60 €	348.694,12 €
Prezo total ofertado (IVE engadido)	502.286,00 €	2.009.144,02 €

Os importes anuais ofertados por cada tipo de chamada segundo os consumos anuais estimados pola Deputación de Pontevedra son os seguintes:

CHAMADAS ANUAIS DE VOZ ORIXE FIXA			
Tipo de tráfico	Nº chamadas	Segundos	Importe anual ofertado (sen IVE)
Nacional	85.000	9.000.000	1.214,19 €
Internacional	170	36.500	1.354,61 €
Chamadas 8XX/9XX	1.100	222.000	5.420,41 €
Móviles	180.000	25.500.000	6.588,47 €
CHAMADAS ANUAIS DE VOZ ORIXE MÓBIL			
Tipo de tráfico	Nº chamadas	Segundos	Importe anual ofertado (sen IVE)
Nacional	250.000	35.000.000	9.090,00 €
Internacional	200	41.000	12,00 €
En itinerancia (emitidas e recibidas)	100	10.000	2.948,98 €
Chamadas 8XX/9XX	600	170.000	3.825,86 €
Resto	260	30.000	92,07 €
DATOS MÓBILES			
Tipo de tráfico	Nº chamadas	MegaBytes	Importe anual ofertado (sen IVE)
Nacional	130.000	10.200.000	46.548,00 €
En itinerancia	1.000	10.000	781,25 €
SMS			
Tipo de tráfico	Nº	-	Importe anual ofertado (sen IVE)
Nacional	500.000	-	10.000,00 €
Resto	100	-	49,00 €

- Bolsa económica ofertada para dispositivos:

	BOLSA ANUAL (Importe anual ofertado sen iva)
Bolsa económica para adquisición de dispositivos	31.925,00 €

Esta bolsa económica está incluída no prezo total do contrato e empregárase para a adquisición a demanda da Deputación de Pontevedra de dispositivos segundo o especificado no apartado 6.- Adquisición de dispositivos do Prego de prescricións técnicas.



- Prezos unitarios ofertados:

Esta relación de prezos unitarios ofertados serán de aplicación para:

- As novas liñas ou servizos que poidan necesitarse adicionalmente durante o período de vixencia do contrato.
- A adquisición de teléfonos IP, auriculares, dispositivos móbiles, con cargo á bolsa económica ofertada.

Os licitadores cubrirán na táboa seguinte a columna importe ofertado sen iva:

CONCEPTO		CUSTO MAX ANUAL (SEN IVE)	IMPORTE ANUAL OFERTADO SEN IVE	C_t		
TELEFONÍA FIXA	Liña de voz individual	350,00 €	0,00 €	0,01		
	Teléfono IP gama estándar*	300,00 €	143,02 €	0,07		
	Teléfono IP gama avanzada*	400,00 €	244,40 €	0,07		
	Auricular cableado monoaural*	110,00 €	91,76 €	0,08		
	Auricular cableado biaural*	150,00 €	99,30 €	0,07		
	Auricular inalámbrico monoaural*	200,00 €	159,63 €	0,08		
	Auricular inalámbrico biaural*	230,00 €	174,72 €	0,07		
IoT	Tarifa de datos IoT-Básico	15,00 €	4,80 €	0,02		
	Tarifa de datos IoT-Estándar	132,00 €	36,00 €	0,02		
	Tarifa de datos IoT-Prémium	280,00€	98,00 €	0,02		
	APN privado adicional en modalidade A	1.310,00 €	0,00 €	0,01		
	APN privado adicional en modalidade B	1.915,00 €	0,00 €	0,01		
	APN privado adicional en modalidade C	1.000,00 €	0,00 €	0,01		
REDE WAN (ACCESOS INTEGRA- DOS NA REDE	Tipo de liña	Velocidade		% garantía	1.278,14 €	0,04
		Baixada	Subida			
	Fibra	≥10 Gbps	≥10 Gbps	23.200,00 €	100%	



PRIVADA VIRTUAL)**	Fibra	≥1 Gbps	≥1 Gbps	6.800,00 €	100%	0,00 €	0,04
	Fibra	≥100 Mbps	≥100 Mbps	2.300,00 €	100%	0,00 €	0,05
	FTTH	≥600 Mbps	≥600 Mbps	2.400,00 €	≥80%	0,00 €	0,06
	Radioenlace	≥100 Mbps	≥100 Mbps	2.600,00 €	100%	2.600,00 €	0,02
	Acceso satélite	≥350 Mbps	≥40 Mbps	2.100,00 €	≥50%	2.100,00 €	0,01
	Acceso móbil 4G	-		660,00 €	0,00 €		0,01
ACCESO INTERNET	Tipo de liña	Velocidade					
		Baixada	Subida		% garantía		
	Fibra	≥10 Gbps	≥10 Gbps	21.500,00 €	≥100%	1.819,37 €	0,04
	Fibra	≥1 Gbps	≥1 Gbps	5.000,00 €	≥100%	0,00 €	0,04
	Fibra	≥100 Mbps	≥100 Mbps	1.600,00 €	≥100%	0,00 €	0,04
	FTTH	≥600 Mbps	≥600 Mbps	1.700,00 €	≥80%	0,00 €	0,04
	Radioenlace	≥100 Mbps	≥100 Mbps	1.980,00 €	≥100%	1.980,00 €	0,02
	Acceso satélite	≥350 Mbps	≥40 Mbps	1.450,00 €	≥50%	1.450,00 €	0,01
	Acceso móbil 4G	-		660,00 €	0,00 €		0,01
	Anti DDoS	Mitigación adicional			20.000,00 €	14.000,00 €	

* Prezo por unidade. Estes prezos restaranse da bolsa económica.

** O prezo ofertado para os accesos integrados na rede privada virtual incluírán o seu correspondente respaldo.

O prazo de duración do contrato é de 4 anos contados desde a finalización da fase de implantación.

Previamente ao comezo do prazo de duración do contrato ou fase de operación a empresa adxudataria deberá levar a cabo, as seguintes actuacións preparatorias:



- Fase de inicio: A empresa deberá presentar a memoria do proxecto definitivo nun prazo máximo de 30 días desde a sinatura do contrato.
- Fase de implantación: A empresa deberá levar a cabo a migración, instalación, configuración e posta en marcha dos circuítos e o equipamento de cada unha das sedes así como a realización das probas de aceptación pertinentes.

Esta fase iniciárase na data de presentación da memoria do proxecto definitiva e terá unha duración máxima de 180 días.

Unha vez concluídas as actuacións incluídas nestas fases preparatorias, coa aceptación da Deputación, de conformidade coas condicións establecidas no prego de prescricións técnicas, iniciárase a fase de operación, tras a sinatura dunha acta de recepción entre a empresa e a Deputación de Pontevedra que suporá o inicio da fase de operación ou duración do contrato.

Prevese a posibilidade de unha prórroga de 1 ano de duración.

Financiamento: O contrato será financiado con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/926.9260. 222.00	502.286,00 €
2027	27/926.9260. 222.00	502.286,00 €
2028	28/926.9260. 222.00	502.286,00 €
2029	29/926.9260. 222.00	502.286,00 €
TOTAL		2.009.144,00 €



Os importes correspondentes ás anualidades futuras quedarán condicionados á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente.

A distribución do financiamento por anualidades poderá sufrir variacións en función da data de inicio da fase de operación unha vez finalizada a fase de implantación.

Responsable do contrato: o/a xefe/a do Servizo de Novas Tecnoloxías

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá á súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

4.- Dispoñer que, ao abeiro do artigo 57.4 da LCSP e en cumprimento da Resolución nº 81/2026 do TACGal, se dea traslado a este Tribunal do presente acordo e das actuacións practicadas para a súa execución.

Estas ferramentas poderían empregarse, entre outras finalidades, para asistir na elaboración de documentos e trámites, propoñer a incorporación automática de datos xa existentes no expediente, detectar omisións ou incoherencias, advertir sobre a necesidade de trámites complementarios, xerar alertas ante desviacións respecto dos datos estruturantes do procedemento e facilitar a revisión de expedientes de acordo con regras previamente definidas. En ningún caso se trataría de substituír o criterio técnico, xurídico ou de control dos empregados públicos, senón de dotar á organización de instrumentos de apoio que melloren a eficiencia, a uniformidade da tramitación e a capacidade de supervisión.

A utilidade destas solucións resulta particularmente evidente nos procedementos de tramitación máis repetitiva ou normalizada, nos que a secuencia de actuacións, os documentos empregados e os extremos a comprobar responden a patróns relativamente estables. Nestes supostos, o tratamento avanzado dos datos e o apoio de ferramentas de intelixencia artificial poden contribuír de maneira especialmente intensa á simplificación administrativa, á homoxeneización dos procesos, ao reforzo do control interno e á redución de cargas de traballo de escaso valor engadido.



En consecuencia, considérase preciso impulsar unha evolución do xestor de expedientes que permita pasar dun modelo centrado principalmente no depósito documental a outro baseado no tratamento intelixente da información, na reutilización dos datos, na automatización de tarefas, na asistencia á tramitación e na mellora continua dos mecanismos de control e seguimento

IV.1.. Actuacións de modernización da xestión interna e dos sistemas corporativos

4. Modernización do sistema de xestión de persoal e nóminas

Os sistemas de xestión de persoal constitúen ferramentas esenciais para a administración dos recursos humanos nas administracións públicas, ao dar soporte a procesos clave como a selección e provisión de postos, a xestión de nóminas, o control horario e de incidencias, a planificación de efectivos, o desenvolvemento profesional e a elaboración e seguimento do gasto de persoal.

O actual nivel de complexidade organizativa das entidades públicas de maior dimensión esixe dispoñer de plataformas integrais de xestión de persoal, capaces de centralizar, estruturar e explotar a información relevante, así como de integrarse axeitadamente cos restantes sistemas corporativos, en particular coa contabilidade, o xestor de expedientes e outras aplicacións de soporte á xestión. Esta integración resulta necesaria para mellorar a eficacia, a eficiencia e a fiabilidade dos procesos administrativos vinculados ao persoal.

No caso desta entidade, o volume de efectivos, a elevada rotación en determinados ámbitos e a diversidade de incidencias que afectan á xestión ordinaria (entre outras: complementos retributivos variables, desprazamentos, diferentes réximes de xornada, quendas, horarios e outras situacións administrativas) poñen de manifesto a conveniencia de avanzar cara a un modelo máis moderno, automatizado e integrado de xestión de persoal e nóminas.

A implantación dun sistema máis avanzado permitiría mellorar a xestión das incidencias e variacións con repercusión en nómina, reforzar a trazabilidade e control dos datos, reducir tarefas manuais e riscos de erro, facilitar a coordinación entre os servizos implicados e obter información máis fiable para a planificación, o control do gasto e a toma de decisións. Todo iso, sen prexuízo de que a complexidade propia desta materia e a dimensión do colectivo afectado esixan unha planificación coidadosa do proceso de modernización e da transición ao novo modelo.

Actuacións propostas

- Análise e revisión integral do actual sistema de xestión de persoal e nóminas, coa finalidade de identificar as súas limitacións funcionais, necesidades de adaptación e posibilidades de integración cos restantes sistemas corporativos.
- Deseño e implantación dun modelo avanzado e integrado de xestión de persoal e nóminas, que permita automatizar procesos, mellorar a xestión das incidencias e reforzar a coordinación coa contabilidade, o xestor de expedientes e os sistemas de control interno.

A execución desta actuación debería ser liderada polo servizo competente en materia de persoal, coa participación do Servizo de Novas Tecnoloxías no relativo á implantación



tecnolóxica e integración dos sistemas, e coa colaboración da Intervención no que atinxe ás implicacións económico-orzamentarias e de control.

IV.1.3. Actuacións de revisión de procedementos sectoriais

5. Regularización da xestión patrimonial.

No que respecta aos medios materiais, a implantación dun software de xestión patrimonial constitúe un instrumento necesario para unha levanza axeitada do inventario e consecución efectiva da coordinación contable e patrimonial.

Non en tanto, a aplicación non solventa outras cuestións como abordar a estrutura organizativa e o modelo centralizado/descentralizado de xestión coa dotación de medios necesaria e a revisión retroactiva do inventario así como a súa conciliación co patrimonio contabilizado ata a data.

Actuacións propostas

O seguinte obxectivo prioritario neste ámbito é o de acadar unha conciliación contable e patrimonial. Actualmente o patrimonio rexistrado na contabilidade difire substancialmente dos datos obrantes no Inventario.

A consecución deste obxecto existe traballar en dúas liñas de accións:

- Conciliación anual (exercicio 2025 e seguintes). Para acadar a conciliación anual das baixas, altas e modificacións con incidencia económico-patrimonial rexistradas contablemente e no inventario, resulta preciso dispoñer dun nexo de enlace na xestión de facturas e certificación co inventario. Considerando que a tramitación das facturas e certificacións se realiza a través do xestor (CIVIDAS) hai que desenvolver traballos de programación que permitan reproducir a “liña” contable da factura/certificación referida á “ficha de inventario” no xestor . En tanto non se habilite dita opción esta conciliación estase a realizar de xeito manual. A experiencia práctica no 2025 amosou problemas de coordinación e discrepancia dos datos contables co Inventario de levanza polo servizo de Contratación (Patrimonio) de xeito que urxe a execución da implantación en CIVIDAS do enlace entre ambos sistemas.

Esta tarefa executárase polo Servizo de Novas Tecnoloxías, coa supervisión da Intervención e colaboración do Servizo de Contratación (Patrimonio)

- Conciliación dos datos históricos (referenciados a 31/12/2024). A execución destes traballos existe unha revisión da contabilidade dos últimos anos (proposta dos dez últimos anos) e o seu contraste coa documentación incorporada ao inventario.

A complexidade destes traballos aconsella dispoñer dunha asistencia técnica especializada que asesore e coordine a execución, baixo a dirección do servizo de Contratación (Patrimonio) e colaboración da Intervención para subministración da información contable.

6. Subvencións.

A homoxeneización da normativa aplicable, así como dos modelos documentais e formularios utilizados, reviste unha especial relevancia a efectos de garantir a coherencia e uniformidade dos procedementos, evitando sesgos ou diferenzas inxustificadas tanto na



tramitación como nos requisitos e condicionantes esixidos, tanto respecto das persoas ou entidades beneficiarias como dos distintos centros xestores.

Sen perder de vista a necesidade e importancia destas actuacións, o incremento da eficiencia administrativa neste ámbito require igualmente avanzar nun proceso significativo de dixitalización dos procedementos, que permita, entre outros aspectos a automatización do cálculo das posibles desviacións nas xustificacións presentadas polos beneficiarios, a aplicación automatizada dos criterios de reparto das subvencións, e o deseño dun modelo dixital estruturado para a incorporación da documentación xustificativa por parte dos beneficiarios.

Así mesmo, considérase conveniente analizar a posibilidade de introducir mecanismos de verificación e tramitación automatizada en determinados procedementos de subvencións de menor complexidade, especialmente naqueles caracterizados por un elevado número de beneficiarios e por importes individuais reducidos, nos que a proporción entre os recursos administrativos empregados e os resultados obtidos pode resultar pouco eficiente.

Finalmente, estímase de interese promover o estudo e implantación progresiva de ferramentas avanzadas de análise e explotación de datos e de intelixencia artificial, que permitan mellorar os procesos de revisión e control das subvencións, facilitar a detección de incidencias ou anomalías nas xustificacións presentadas e reforzar a capacidade de seguimento e avaliación das políticas públicas financiadas mediante subvencións.

Actuacións propostas:

- Elaboración dun Plan Estratéxico de Subvencións, a efectos de dar cumprimento ás previsións establecidas na normativa reguladora das subvencións públicas e de dotar dun marco formal de referencia á actividade subvencional da entidade.
- Revisión da normativa propia en materia de subvencións (Ordenanza Xeral de Subvencións e Bases de Execución do Orzamento), co obxecto de resolver de forma expresa determinadas deficiencias ou problemas interpretativos detectados nas fases de fiscalización e control financeiro das subvencións.
- Deseño e aprobación de modelos normalizados de convenios reguladores das subvencións directas e nominativas, que permitan homoxeneizar os contidos esenciais destes instrumentos e facilitar a súa tramitación administrativa.
- Revisión dos expedientes electrónicos, formularios e circuítos de tramitación, mediante a estandarización de procesos e documentos, así como a configuración de trámites e circuítos automatizados, co obxecto de acadar unha maior celeridade na tramitación e un mellor control dos expedientes.

7. Revisión dos procedementos de xestión de ingresos e expedientes relacionados.

Recoméndase realizar unha revisión dos procedementos en materia de xestión de ingresos. A revisión debe ter por obxecto a mellora e simplificación dos procedementos, tramitación electrónica dos mesmos, cumprimento da legalidade, revisión do procedemento de control, e maior facilidade de uso e de pago pola cidadanía.

A revisión conleva necesariamente unha actividade de programación, polo que ao non contar a Intervención con persoal con coñecementos nesta materia, resulta indispensable á asistencia do servizo de Novas Tecnoloxías. A participación da Tesouraría sería importante,



principalmente para definición e programación da tramitación recadatoria para ingresos propios (medios de pagamento, aprazamentos, fraccionamentos e executiva).

No que atinxe ao servizo de publicacións no Boletín, a revisión do procedemento de xestión e pago debe acompañarse dunha revisión organizativa con cambio de adscrición (actualmente adscrito a esta Intervención), en tanto que debe ser integrado no servizo que corresponda acorde coa súa natureza, sen prexuízo das tarefas que, en materia de xestión de ingresos do Boletín, continúen a ser xestionadas pola Intervención e/ou Tesouraría.

Actuacións propostas:

- Deseño e implantación dun procedemento automatizado e de tramitación integramente electrónica en materia de xestión de anuncios no BOP.
- Cambio de adscrición do procedemento de xestión de anuncios no BOP.
- Revisión da regulación (ordenanza/acordo regulador) dos principais ingresos de carácter recorrente desta Deputación coa finalidade de mellora da regulación e simplificación e automatización dos procesos de xestión e pagamento.
- Deseño e revisión dos procedementos e circuítos xerais en materia de ingresos.

As tarefas propostas executaríanse polo Servizo de Novas Tecnoloxías baixo a dirección funcional e supervisión da Intervención e/ou Tesouraría.

8. Dixitalización do anexo de orzamentos dos proxectos de obra e certificacións

Desde hai un par de anos iniciouse un traballo conxunto da Intervención e do Servizo de Novas Tecnoloxías para o desenvolvemento dun módulo electrónico de certificacións. O módulo partiría do anexo de orzamentos do proxecto en formato electrónico, permitindo de xeito automático o cálculo de variacións, grao de execución, tramitación de modificacións, reducindo notablemente o risco de erro e simplificando as tarefas de xestión e control, das que se beneficiarían especialmente os centros xestores. A carga de traballo dos servizos implicados e atención doutros proxectos impediu continuar no deseño do procedemento.

O carácter transversal da tramitación (centros xestores, Contratación, Secretaria, Intervención e Tesouraría) xustifica a necesidade de avanzar neste proxecto que, no seu caso, e en función dos medios que se adscriban e réxime de prioridades, podería incluírse nunha revisión completa dos expedientes de contratación.

Actuacións propostas:

- Deseño e implantación dun módulo electrónico de certificacións integrado co xestor de expedientes.

As tarefas propostas executaríanse polo Servizo de Novas Tecnoloxías baixo a dirección funcional da Intervención e coa colaboración dos servizos de Infraestruturas, Cooperación e Arquitectura. No suposto de encadrarse nun proxecto mais ambicioso de revisión global do expediente de contratación, precisaríase da colaboración do Servizo de Contratación.

IV.1.4. Actuacións de revisión e reforzo do control interno.

9. Fiscalización e control financeiro:



No que atinxe ao exercicio das funcións de fiscalización e control financeiro que corresponden á Intervención, o contexto actual esixe abordar, a medio prazo, unha evolución do modelo de control, necesariamente apoiada nun proceso de modernización tecnolóxica e adaptación dos sistemas de información.

Nos últimos anos produciuse un incremento moi significativo do volume de expedientes sometidos a control, ao que se engade a aparición de novas liñas de subvención, moitas delas caracterizadas pola súa elevada fragmentación, contías individuais reducidas e un número moi elevado de beneficiarios. Esta realidade diminúe notablemente a eficiencia dos sistemas tradicionais de control, ao xerar unha carga de traballo moi intensa para expedientes de escasa contía individual. A isto súmase o aumento de proxectos e contratos financiados con fondos europeos, que incorporan maiores exixencias de seguimento, trazabilidade e verificación.

Así mesmo, os novos canles de información e o contexto definido pola dixitalización e polas novas tecnoloxías comportan unha demanda crecente de maior celeridade e inmediatez na tramitación e resolución dos expedientes, o que debe compatibilizarse coa existencia de mecanismos que permitan garantir un control suficiente, serio e razoable, sen incremento do risco de incumprimentos nin da súa falta de detección.

En consecuencia, resulta necesario incrementar a eficiencia e a axilidade dos procesos de control, mantendo e mesmo reforzando a súa eficacia. O aumento do volume de expedientes suxeitos a fiscalización aconsella avanzar cara a un modelo xeneralizado de fiscalización previa limitada, complementado cun control financeiro concomitante ou posterior, en función dos riscos identificados en cada ámbito ou tipoloxía de expediente.

A implantación deste modelo require, en primeiro lugar, a definición de modelos de fiscalización axeitados, construídos a partir dos requisitos mínimos establecidos pola normativa básica estatal, pero enriquecidos con aqueles extremos adicionais que, á vista da experiencia acumulada pola entidade, se consideren esenciais para garantir un control efectivo e proporcionado.

Do mesmo xeito, resulta preciso que estes modelos sexan dixitalizados e integrados nos sistemas de xestión, incorporando unha adecuada tipificación de riscos, incidencias e causas de incumprimento, de maneira que poidan establecerse alertas automáticas e criterios obxectivos que determinen, segundo o nivel de risco apreciado, a procedencia dun control financeiro concomitante ou, no seu caso, a súa inclusión en actuacións de control financeiro posterior, mediante técnicas de mostraxe, revisión selectiva ou auditoría.

Debe avanzarse tamén na creación dun repositorio estruturado dos informes, reparos, observacións e resultados das actuacións de control da Intervención, que permita a súa conservación ordenada, consulta, explotación e tratamento como ferramenta de control interno, de seguimento da actividade e de rendición interna e externa dos resultados obtidos. Este repositorio debe constituír, ademais, unha fonte esencial para a análise de riscos e para a elaboración dos correspondentes plans anuais de control financeiro.

O modelo óptimo pasa por que este tratamento estruturado da información se apoie, na medida do posible, nos datos xa definidos, parametrizados e reutilizables dentro do propio xestor de expedientes, de xeito que tanto os modelos de informe como o repositorio e a explotación da información se integren no sistema corporativo de xestión, evitando



solucións paralelas ou módulos independentes que dificulten a coherencia, a interoperabilidade e o aproveitamento da información xa existente.

Neste sentido, a implantación das actuacións propostas en materia de parametrización, estruturación e explotación dos datos do expediente constitúe un presuposto esencial para avanzar cara a un modelo de control máis moderno, eficiente e baseado en riscos. A mellora da eficiencia na fiscalización previa permitiría, ademais, liberar recursos e dispoñer de maiores medios para o desenvolvemento do control financeiro, que podería beneficiarse igualmente dos datos estruturados xa incorporados na fase de tramitación e fiscalización, simplificando notablemente os traballos de revisión e incrementando de forma significativa a eficiencia e alcance destas actuacións.

Actuacións propostas:

Modernización da fiscalización e do control financeiro da Intervención mediante un modelo máis áxil e baseado en riscos, apoiado na dixitalización, na automatización de alertas e no aproveitamento dos datos estruturados do xestor de expedientes, co fin de mellorar a eficiencia do control, reforzar a súa eficacia e facilitar a planificación das actuacións de control financeiro.

A actuación executaríase pola Intervención Provincial, coa asistencia e colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías no relativo á súa implantación tecnolóxica e á integración cos sistemas corporativos.

IV.1.5. Actuacións relativas ao sector público institucional:

10. Entidades adscritas ou dependentes.

A xustificación da denegación da opinión nas auditorías das contas das entidades adscritas e dependentes obedece a falta de implantación dunha xestión patrimonial e inexistencia dun inventario actualizado patrimonial e contable.

En atención as deficiencias referidas na auditoría no que atinxe á falta de documentación, acordos de adscrición, cesión ou titularidade de certos bens, deberá levarse a cabo simultaneamente un proceso de revisión e actualización do Inventario con regularización da situación xurídica dos bens que corresponda.

Así mesmo, e considerando a competencia impropia que se vén exercendo respecto da Escola de Enfermería deberase iniciar e/ou impulsar o procedemento de transferencia da Escola.

Actuacións propostas

- Deseño e execución da revisión e regularización do Inventario das entidades adscritas e dependentes.
- Inicio das actuacións para promover a transferencia da Escola de Enfermería.

IV.2. Actuacións correctoras xa implementadas ou en trámite.

IV.2.1. Sistema de xestión económico-financeira e patrimonial.

Durante o exercicio 2025 levouse a cabo a implantación dos novos sistemas de xestión económico-financeira da Deputación, mediante a posta en funcionamento das novas



aplicacións de contabilidade e xestión patrimonial. Este proceso resultou especialmente complexo e dilatado, tanto pola dificultade inherente á migración de datos como polas numerosas incidencias detectadas, que esixiron durante varios meses tarefas de revisión, depuración e corrección, así como traballos de integración e conectividade co xestor de expedientes.

Malia estas dificultades, a implantación dos novos sistemas permitiu non só restablecer procedementos que requirían a interacción entre distintas aplicacións, senón tamén introducir melloras na tramitación administrativa. Así, avanzouse na automatización da xeración de determinados trámites e documentos contables, singularmente nos expedientes REL, e corrixíronse determinados circuítos de tramitación que presentaban disfuncións, como no caso das certificacións.

Así mesmo, e á vista da relevancia dos erros detectados durante a migración, realizouse no mes de novembro unha simulación do peche do exercicio, co obxecto de identificar incidencias e proceder á súa revisión e corrección antes do peche ordinario.

En consecuencia, e sen prexuízo da necesidade de continuar revisando procedementos, automatizando trámites e perfeccionando determinados circuítos de xestión, pode considerarse substancialmente executada e satisfactoriamente culminada a actuación relativa á modernización do sistema de xestión económico-financeira da Deputación, xa iniciada en plans de acción anteriores. Unicamente debe exceptuarse desta valoración a plena implantación da interacción entre o sistema contable e o sistema de xestión patrimonial con carácter previo á aprobación das facturas, actuación que permanece pendente de completa execución.

IV.2.2. Conciliación contabilidade-patrimonio.

En relación co obxectivo de conciliación entre contabilidade e patrimonio, cómpre diferenciar entre a conciliación histórica xeral, referida á situación existente a 31 de decembro de 2024, e a conciliación anual correspondente ao exercicio 2025.

Respecto da conciliación histórica xeral, estaba prevista a contratación dunha asistencia externa que colaborase na execución destes traballos. Porén, esta actuación, atribuída ao ámbito de Patrimonio, non chegou a executarse durante o exercicio 2025.

En canto á conciliación anual do exercicio 2025, a falta de implantación da conexión entre o sistema contable e o sistema de xestión do inventario impediu dispoñer do mecanismo de conciliación case automática inicialmente previsto. Por este motivo, a conciliación tivo que realizarse manualmente, persistindo ao peche do exercicio determinados desaxustes pendentes de revisión e corrección.

En consecuencia, esta actuación debe considerarse en trámite, con avances parciais, pero sen que poida entenderse acadado aínda o obxectivo de conciliación entre ambos os sistemas.

IV.2.3. Desenvolvementos no xestor de expedientes CIVIDAS

No que se refire aos desenvolvementos previstos no xestor de expedientes CIVIDAS, durante o exercicio 2025 non chegaron a executarse de maneira efectiva as actuacións previstas, sen prexuízo dos traballos de revisión, análise e definición técnica levados a cabo polo Servizo de Novas Tecnoloxías para preparar a súa implantación posterior.

En particular, o sistema de xestión de tarefas, identificado polos centros xestores como unha ferramenta prioritaria para mellorar a coordinación interna e o seguimento da



tramitación, continúa pendente, aínda que existe previsión de inicio dos traballos no segundo trimestre do ano en curso.

Pola súa banda, o expediente de órganos colexiados presenta un grao de avance relevante, se ben permanece pendente de finalización e implantación efectiva, prevéndose a súa conclusión no segundo semestre do ano.

No relativo ás operacións automatizadas, cómpre sinalar que, no marco da implantación dos novos sistemas de xestión económico-financeira, xa se produciron avances efectivos na automatización de determinados trámites e documentos contables, especialmente nos expedientes REL. Non obstante, esta actuación debe seguir ampliándose e perfeccionándose na medida que avance a configuración doutros procedementos.

O desenvolvemento dos expedientes de subvencións permanece igualmente pendente de execución.

En materia de intelixencia artificial, durante este período analizáronse e probáronse diversas ferramentas, atopándose a Deputación nunha fase inicial de exploración e toma de contacto. Estanse a valorar distintas solucións, as súas posibles utilidades, a súa integración cos sistemas corporativos e as condicións necesarias para a súa eventual implantación, sen perder de vista as esixencias en materia de seguridade da información e protección de datos.

IV.2.4. Modernización do sistema de xestión de persoal e nóminas

No ámbito da modernización do sistema de xestión de persoal e nóminas, durante o exercicio 2025 púxose en funcionamento un novo sistema de fichaxes e o portal do empregado, o que supón un primeiro avance dentro do proceso de renovación previsto. Non obstante, permanecen pendentes de execución outras actuacións comprendidas neste proxecto, que deberán continuar desenvolvéndose conforme á programación que se determine.

V. VALORACIÓN DA EXECUCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN 2025.

A execución do Plan de acción 2025 presenta un grao de cumprimento desigual segundo as distintas liñas de actuación previstas, aínda que pode valorarse globalmente como parcialmente satisfactoria.

A principal actuación contemplada no Plan, relativa á modernización do sistema de xestión económico-financeira e patrimonial, foi executada na súa parte esencial, ao terse implantado efectivamente os novos sistemas de contabilidade e xestión patrimonial. Trátase dunha actuación de carácter estratéxico e de especial complexidade técnica e organizativa, cuxa execución esixiu un esforzo moi relevante de adaptación, revisión e corrección de incidencias. Desde esta perspectiva, debe considerarse cumprido o obxectivo principal desta liña de actuación, aínda que subsisten tarefas pendentes de axuste, mellora procedemental e integración completa entre sistemas, especialmente no relativo á interacción entre contabilidade e patrimonio con carácter previo á aprobación das facturas.

Pola contra, o grao de execución foi menor noutros obxectivos igualmente relevantes. En particular, non chegou a executarse a contratación da asistencia externa prevista para abordar a conciliación histórica xeral entre contabilidade e patrimonio, e a conciliación correspondente ao exercicio 2025 só puido realizarse de forma manual e incompleta, ao non atoparse aínda implantada a conexión entre o sistema contable e o inventario. Tampouco se materializaron durante 2025 os desenvolvementos previstos en CIVIDAS,



aínda que si se realizaron actuacións preparatorias e de análise que permiten considerar estas medidas en trámite. Do mesmo xeito, no ámbito da modernización da xestión de persoal e nóminas, os avances producidos non abranguen aínda a totalidade das actuacións previstas.

En consecuencia, pode afirmarse que o Plan permitiu consolidar un avance relevante no proceso de modernización da xestión provincial, pero non acadou integramente todos os fitos inicialmente previstos, especialmente naquelas actuacións que requirían desenvolvementos tecnolóxicos adicionais, contratación específica ou unha dedicación intensiva de medios persoais.

Debe sinalarse, ademais, que unha das causas principais que explican a execución só parcial dalgunhas medidas é a insuficiencia de medios persoais e organizativos dispoñibles. O persoal encargado de impulsar e executar estas actuacións de mellora e modernización é, ao mesmo tempo, o que asume a xestión ordinaria dos expedientes e procedementos administrativos. A elevada carga de traballo existente en numerosos postos e a necesidade de atender con carácter preferente as esixencias da xestión diaria constitúen obstáculos evidentes para o adecuado avance de proxectos desta natureza, que requiren continuidade, especialización e dedicación sostida.

Por iso, a experiencia derivada da execución do Plan de acción 2025 pon de manifesto que a consecución plena dos obxectivos de modernización esixe reforzar a dotación de medios e, na medida do posible, dispoñer de equipos especializados e multidisciplinares con dedicación suficiente á planificación, impulso e seguimento destas medidas. Isto permitiría unha mellor programación temporal, unha execución máis ordenada das actuacións e un maior grao de cumprimento efectivo dos obxectivos propostos.

En definitiva, a valoración global do Plan de acción 2025 debe ser favorable no que atinxe ao impulso efectivo da súa actuación principal e ao avance real na modernización da xestión, pero prudente no que respecta ao grao de cumprimento, dado que persisten actuacións relevantes pendentes de finalización ou de desenvolvemento efectivo, cuxa continuidade ou inicio, respectivamente, deberá executarse nos exercicios seguintes.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 17 de abril de 2026 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención de data 27 de marzo de 2026 relativo ao resumo dos resultados do control interno correspondente ao exercicio 2025.

De conformidade co disposto no artigo 37 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades locais, así como nos artigos 213 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención de data 27 de marzo de 2026 relativo ao resumo dos resultados do control interno correspondente ao exercicio 2025.



15.8652.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/uoHOexb0Tp9vh25wU2WToVt6G6fFCqLcUdDWf66RgUzU5Lrk>

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucions Presidenciais rexistradas electrónicamente do mes de marzo de 2026.
- b) Relación de extractos de Resolucions do ORAL do mes de marzo de 2026.

16.8653.- ROGOS E PREGUNTAS

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/vuEb4WOfKLngqJYdD6fbTJfpbtKLC3SnHHcrmPo9WASrkEBD>

Sr. Presidente.- Pasamos ao turno de Rogos e Preguntas, número 16. ... Ten a palabra, por parte do BNG, María Manuela Rodríguez.

Sra. Rodríguez Pumar.- Ben, a pregunta vai dirixida concretamente á vicepresidenta Luisa Sánchez a respecto das súas declaracións en relación ao...

Sr. Presidente.- As preguntas van dirixidas á Presidencia.

Sra. Rodríguez Pumar.- Bueno, pois á Presidencia, pero, bueno, ten que ver cunhas declaracións da vicepresidenta no sentido do que dixo a respecto do festival Galiza Fest, que ía ter acento galego. A pregunta é: ¿vai a Deputación Provincial rectificar a programación de actuacións do Galicia Fest para incorporar un maior número de grupos e artistas galegos e galegas, para garantir i garantir a participación da música en lingua galega?



Sr. Presidente.- ¿Máis preguntas?, ¿máis rogos?. Ben, pois damos por finalizada esta sesión. Moitas grazas e quedamos emprazados á seguinte.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as catorce horas e vinte e oito minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, a Vicesecretaria, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 24 de abril de 2026 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno ordinario 24-abril-2026”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade - SHA512 - f323f49bc72cd01bb96aa5fe76eae4d461c6bcd485d8e582b64aabab036a08b4d3fe93bec016a8a8e966502752bbca811a3a37c7dfab06b8b3581e71875a37fc xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións. O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa: <https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=ZDY1NjQ2NjktNWI2OS00YTY5LTk2YWMTmZy3NjcwOTAwMGM1>

Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor; Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Castillo Amigo, Juan Pablo; Bouzós Barros, Paula; Martínez Chantada, Ricardo; Álvarez Carrero, Roberto José; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María Manuela; Ortega Iñarrea, María; Mosquera Lorenzo, César; Lomba Rodríguez, Beatriz.



- 00:07:08 - López Diéguez, Luis
- 00:07:12 : 1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 27 de marzo.
- 00:07:22 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:07:28 - López Diéguez, Luis
- 00:07:46 - López Diéguez, Luis
- 00:07:54 - López Diéguez, Luis
- 00:08:05 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:08:21 - López Diéguez, Luis
- 00:08:43 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:11:14 - López Diéguez, Luis
- 00:11:24 - López Diéguez, Luis
- 00:11:43 - López Diéguez, Luis
- 00:14:16 - López Diéguez, Luis
- 00:14:53 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:15:02 - López Diéguez, Luis
- 00:16:22 : 2. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 3/2026 (Exptes. 2026030373-2026029595).
- 00:16:44 - Cubela López, Jorge
- 00:17:42 - López Diéguez, Luis
- 00:17:49 - Mosquera Lorenzo, César
- 00:18:06 - López Diéguez, Luis
- 00:18:23 - Mosquera Lorenzo, César
- 00:19:18 - López Diéguez, Luis
- 00:19:23 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:19:46 - López Diéguez, Luis
- 00:22:37 : 3. Aprobación das bases reguladoras e convocatoria do Plan Extraordinario Vía Depo (Exptes. 202603029-2026032899).
- 00:22:50 - Cubela López, Jorge
- 00:27:28 - López Diéguez, Luis
- 00:27:31 - Mosquera Lorenzo, César
- 00:31:35 - López Diéguez, Luis
- 00:31:40 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:36:50 - López Diéguez, Luis
- 00:36:55 - Cubela López, Jorge
- 00:40:02 - López Diéguez, Luis
- 00:40:15 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:43:29 - López Diéguez, Luis
- 00:43:35 - Cubela López, Jorge
- 00:45:45 - López Diéguez, Luis



00:48:11 : 4. Aprobación inicial do proxecto construtivo “Ensanche e acondicionamento da estrada EP-8101 Portas-Romai, dende o PQ 0+000 ao PQ 3+350 (Concello de Portas)”. Exposición pública do proxecto e do expediente de expropiación. Declaración de utilidade pública da obra. Declaración e urxente ocupación e motivación da urxencia (Expte. 2026000907).

00:48:41 : 5. Aprobación inicial do proxecto construtivo “Mellora da seguridade viaria na EP-6004 Prado-Vilatuxe, dende o PQ 0+750 ao PQ 1+375 (Concello de Lalín)”. Exposición pública do proxecto e do expediente de expropiación. Declaración de utilidade pública da obra. Declaración e urxente ocupación e motivación da urxencia (Expte. 2026000907).

00:49:08 : 6. Execución da Resolución número 81/2026, do 27-03-2026, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal) (Recurso especial nº 57/2026): anulación do acordo de adxudicación adoptado polo Pleno na sesión ordinaria do 30-01-2026, retroacción de actuación e nova adxudicación do contrato do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación (Exptes. 2026030361-2026002667).

00:49:43 : 7. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para solicitar ao Goberno de España a dotación urxente de conexión a internet de alta velocidade a toda a poboación da provincia de Pontevedra (Expte. 2026030822).

00:49:59 - Cubela López, Jorge
00:55:08 - López Diéguez, Luis
00:55:16 - Rodríguez Pumar, María Manuela
00:56:58 - López Diéguez, Luis
00:57:02 - Iglesias González, Ana Laura
01:01:55 - Cubela López, Jorge
01:05:12 - López Diéguez, Luis
01:05:18 - Iglesias González, Ana Laura
01:08:41 - López Diéguez, Luis
01:09:14 - Vázquez Almuíña, Jesús
01:09:24 - López Diéguez, Luis
01:09:33 - Vázquez Almuíña, Jesús
01:10:13 - López Diéguez, Luis

01:11:11 : 8. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para instar á Deputación a colaborar cos concellos na limpeza e conservación dos ríos ante a inexistencia actuación de Augas de Galicia (Expte. 2026030850).

01:11:30 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
01:11:34 - López Diéguez, Luis
01:11:50 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
01:11:58 - López Diéguez, Luis
01:12:13 - Rodríguez Rodríguez, Nuria



01:17:06 - López Diéguez, Luis
01:17:16 - Mosquera Lorenzo, César
01:19:37 - López Diéguez, Luis
01:19:46 - Cubela López, Jorge
01:22:03 - López Diéguez, Luis
01:22:08 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
01:25:22 - López Diéguez, Luis
01:25:36 - Cubela López, Jorge
01:28:15 - López Diéguez, Luis
01:28:21 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
01:30:09 - López Diéguez, Luis

01:30:32 : 9. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para instar á Deputación á mellora da estrada provincial EP-2401 O Porriño-Mosende (Expte. 2026030862).

01:30:46 - Agís Gómez, Gregorio Luís
01:35:54 - López Diéguez, Luis
01:36:04 - Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro
01:41:15 - López Diéguez, Luis
01:41:24 - Agís Gómez, Gregorio Luís
01:44:40 - López Diéguez, Luis
01:44:57 - Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro
01:47:14 - López Diéguez, Luis
01:47:21 - Agís Gómez, Gregorio Luís
01:49:18 - López Diéguez, Luis

01:49:40 : 10. Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) a favor da paz, contra o imperialismo e o militarismo (Expte. 2026030855).

01:49:52 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:54:11 - López Diéguez, Luis
01:54:18 - Iglesias González, Ana Laura
01:58:43 - López Diéguez, Luis
02:03:27 - Rodríguez Pumar, María Manuela
02:06:54 - López Diéguez, Luis
02:07:02 - Iglesias González, Ana Laura
02:10:11 - López Diéguez, Luis
02:10:18 - Rodríguez Pumar, María Manuela
02:12:24 - López Diéguez, Luis

02:12:54 : 11. Asuntos fóra da orde do día.

02:13:00 : 12. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de marzo de 2026 (Exptes. 2026030374-2026029144).



02:13:12 : 13. Dar conta do informe de Intervención sobre o cumprimento durante o 1º trimestre de 2026 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. (Exptes. 2026030377-2026029466).

02:13:32 : 14. Dar conta do informe de Intervención sobre o resumo dos resultados do control interno do exercicio 2025 (Exptes. 2026030380-2026007088)

02:13:43 : 15. Dar conta das Resolucións Presidenciais.

02:14:36 - Vicesecretaria

02:15:58 - López Diéguez, Luis

02:16:07 - Iglesias González, Ana Laura

02:18:03 - López Diéguez, Luis

02:18:13 : 16. Rogos e preguntas.

02:18:37 - Rodríguez Pumar, María Manuela

02:18:45 - López Diéguez, Luis

02:19:30 - Rodríguez Pumar, María Manuela

02:20:07 : [FIN]

-- O --

